

MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Psicoloxía

Curso Académico 2018/19

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación por	Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía	02/06/2020
Informe técnico por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	06/06/2020
Aprobada por	Xunta de Facultade de Psicoloxía	23/07/2020

Índice

1. Introducción.....	2
<i>Addenda relativa ao estado de alarma decretado o 14 de marzo de 2020</i>	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.	5
2.1. Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	5
Informe de execución do Plan de Melloras Anual da Facultade de Psicoloxía, 2018-19	7
2.2. Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	29
2.2.1. Grao en Psicoloxía.	30
2.2.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.....	32
2.2.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.	33
2.2.4. Máster Universitario en Psicoloxía: deseño do programa formativo.	34
2.2.5. Programas en extinción.	34
2.3. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.....	36
2.3.1. Grao en Psicoloxía.	38
2.3.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.....	42
2.3.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.	44
2.4. Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.	46
2.4.1. Persoal académico.....	46
2.5. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.	53
2.6. Directriz 6. Información pública.....	57
3. Plan de Melloras Anual da Facultade de Psicoloxía, 2019-20.	59
3.1. Obxectivos de calidade e accións de mellora relacionadas.....	59
3.2. Cadro resume de relación Obxectivos estratéxicos – Obxectivos de calidade, 2019-20 – PMA, 2019-20.	68
4. Modificacións nos títulos adscritos á Facultade.	70
5. Listaxe de evidencias e indicadores.	71
5.1. Documentos e informes.....	71
5.2. indicadores dispoñibles.	76

1. Introducción.

A Memoria de Calidade da Facultade de Psicoloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do SGC da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O documento organízase en dous capítulos principais: *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e *Plan de Melloras Anual*, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadalos. A estes dous capítulos principais engádense outros dous, de carácter instrumental: un no que se rexistran as modificacións introducidas nos títulos obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Para contextualizar esta memoria, convén antes de nada facer constar as titulacións oficiais das que se ocupa e os órganos responsables do seu desenvolvemento.

Na Facultade de Psicoloxía da USC, no curso obxecto desta memoria (2018-19) impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Psicoloxía (GPs). Código RUCT 2500462; Código USC G2011.
- Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (MUPXS). Código RUCT 4314481; Código USC P2151.
- Máster Universitario en Estudos Avanzados da Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (MUEALCP). Código RUCT 4313558; Código USC P3322. Este máster é interuniversitario coas universidades de A Coruña, Salamanca e Zaragoza. A súa coordinación corresponde á Universidade de A Coruña, polo que nesta memoria só se fará referencia a el, se procede, de modo colateral.

Ademais, na Facultade impártese o Máster Universitario en Psicoxerontoloxía (MUPXer) (Código RUCT 4314476; Código USC P2171), interuniversitario coas universidades de Barcelona (UB), Salamanca (USal) e Valencia (UV), coordinado pola USC. Na USC, desde 2015-16 ofértase con periodicidade bienal, de modo que no ano obxecto da presente memoria (2018-19) non foi ofertado. Por esta razón será tratado neste documento de modo moi sucinto.

Por último, durante o curso 2018-19 atópase en fase de extinción o Máster Universitario en Psicoloxía Educativa, Desenvolvemento e Aprendizaxe (MUPEDA, Código RUCT 4315196; Código USC P2181); con estudantes matriculados só no TFM, polo que tampouco será tratado nesta memoria.

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia no mesmo no curso de referencia foi o seguinte:

Titulación	estudantes	docentes
Grao en Psicoloxía	747	75 (máis 17 investigadores en formación)
MUPXS	66	24
MUEALCP	19	5 (USC)
MUPXER(*)	2	4 (USC)
MUPEDA (**)	11	7

(*) En 2018-19 non houbo oferta de nova matrícula na USC, e só conta con estudantes que iniciaran estudos en cursos anteriores.

(**) O MUPEDA está en fase de extinción, polo que só ten matrícula de persoas que iniciaron os seus estudos en cursos anteriores ao 2018-19.

O persoal de administración e servizos da Facultade de Psicoloxía ascende a un total de 27 traballadores:

Área de administración	7 (1 grupo A/B, 6 grupo C)
Área de conserxería	6
Área de biblioteca	12 (6 auxiliares, 5 axudantes, 1 director)

Nota: o persoal de conserxería e o de biblioteca está adscrito conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de Ciencias da Educación

Os órganos para o desenvolvemento do SGC, son os seguintes:

Unipersoais:

- Decana / Responsable de Calidade
- Coordinadora de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisións de Título (CT). No caso de interuniversitarios, CT da USC e Comisión de Coordinación Interuniversitaria (CCI)

Por riba deles, a **Xunta de Facultade**, o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da memoria de calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A Facultade de Psicoloxía conta con Acreditación Institucional conforme ao establecido no RD 420/2015, de 29 de maio e a Resolución da *Secretaría General de Universidades* de 7 de marzo de 2018 que a desenvolve. Esta acreditación foi outorgada por Resolución do *Consejo de Universidades* de 28 de febreiro de 2019, unha vez que a implantación do SGC da Facultade de Psicoloxía fora certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) en xuño de 2018, e tres dos títulos dos que é responsable (aqueles que correspondía someter ao proceso) tiñan renovada a súa acreditación en 2016 (GPs) e 2018 (MUPXS e MUPXer).

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria (PE-02 do SGC), as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2018-19, así como as súas propostas de accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados pola responsable de calidade. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de melloras anual. O documento final, a Memoria de Calidade, foi enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica e sometida a aprobación da Xunta de Facultade. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final e remisión á ACSUG. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

Addenda relativa ao estado de alarma decretado o 14 de marzo de 2020

No mes de marzo, cando se estaba a elaborar esta memoria, suspendéronse as actividades académicas presenciais na USC (venres 13 de marzo) e, inmediatamente despois, a actividade laboral presencial (luns 16 de marzo). Nese momento, as Comisións de Título tiñan aprobado,

ou estaban a piques de facelo, as súas análises de seguimentos do curso 2018-19. A CCC tiña, asemade, aprobado o informe de execución do plan de melloras anual 2018-19.

Con isto, continuouse coa elaboración da Memoria, que se aprobou polos órganos correspondentes nas datas que se consignan na páxina inicial. Faise constar, non obstante, que **algunhas das accións do Plan de Melloras Anual, 2019-20 que se recollen neste documento terán que ser, moi probablemente, adiadas ou reformuladas para o vindeiro curso.**

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.

2.1. Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.

Estándar: O centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro.
- O grao de execución e eficacia do Plan de melloras anual (PMA): grao de cumprimento dos obxectivos de calidade e grao de execución das accións de mellora.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- No caso de títulos interuniversitarios, a coordinación en todos os centros participantes das accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A Facultade de Psicoloxía conta cunha [Política de Calidade](#) que, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, se fai pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Esta Política revísase con periodicidade, e actualízase, cando menos, cando se renova o equipo de dirección. A máis recente actualización da mesma data de 2018, e está plenamente vixente.

Así mesmo, a Facultade de Psicoloxía conta cun [Plan Estratéxico](#), aprobado en 2011. De acordo co proceso PE-01, *Planificación estratéxica*, do SGC, a vixencia do Plan Estratéxico ten o mesmo horizonte temporal, como máximo, do Plan Estratéxico da USC, co que debe estar aliñado; isto localiza a súa finalización en 2020. No curso 2018-19, tal e como se establecera no plan de melloras anual (PMA) para ese curso (obxectivo de calidade OC-1, acción de mellora AM_C-1), o equipo decanal iniciou a fase preliminar de reflexión para o seguinte Plan Estratéxico, que deberá ser elaborado ao longo do ano 2020.

No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade. Así, as liñas e obxectivos estratéxicos que configuran o actual Plan Estratéxico son os seguintes:

Liña estratéxica 1. Planificación do ensino e orientación á aprendizaxe:

- 1.1. Cumprimento do calendario da PAA.
- 1.2. Adecuación da capacidade docente das áreas ao encargo docente.
- 1.3. Axuste da PAA do centro ás Memorias de Verificación dos títulos impartidos.
- 1.4. Procura da conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.
- 1.5. Traballo coordinado das competencias establecidas nas Memorias de Verificación dos títulos.

Liña estratéxica 2. Desenvolvemento do ensino e outras actuacións orientadas aos/ás estudantes:

- 2.1. Orientación aos alumnos antes, ao inicio, durante e ao final do/s título/s.
- 2.2. Acceso dos estudantes a programas de titorías específicas axustadas ás demandas.
- 2.3. Medidas de atención á diversidade e necesidades especiais.
- 2.4. Oferta de actividades para consecución de competencias transversais.

- 2.5. Mantemento e mellora da calidade da oferta de programas de mobilidade.
- 2.6. Supervisión das prácticas externas.
- 2.7. Mellora da coordinación vertical e horizontal entre materias.
- 2.8. Axuste á normativa vixente sobre avaliación do rendemento académico.
- 2.9. Incorporación das TIC á docencia.

Liña estratéxica 3. Persoal académico e de apoio á docencia:

- 3.1. Dotación dun cadro de PDI equilibrado, suficiente e adecuado para a Facultade.
- 3.2. Recoñecemento adecuado da actividade docente do profesorado .
- 3.3. Dotación dunha auténtica Unidade de Apoio á Xestión do Centro e dos Departamentos (UAXCD) para a Facultade.
- 3.4. Dotación dunha Unidade de Conserxería propia para o Centro.
- 3.5. Traballo coordinado e cohesionado das persoas que desenvolven a súa actividade profesional na Facultade.
- 3.6. Formación continuada do persoal da Facultade.
- 3.7. Fomento da innovación docente.
- 3.8. Mantemento do Plan de Autoprotección.

Liña estratéxica 4. Recursos materiais e servizos:

- 4.1. Mantemento e reparación de instalacións e mobiliario.
- 4.2. Adaptación de espazos docentes e de traballo aos requisitos do EEES.
- 4.3. Dotación e mantemento de equipamento e materiais docentes.
- 4.4. Dotación e mantemento de equipos de aulas informáticas.
- 4.5. Mantemento da Avaliación de Riscos.
- 4.6. Supervisión da satisfacción dos usuarios respecto dos servizos prestados no centro.
- 4.7. Elaboración e mantemento do rexistro de documentos do SGC.

Liña estratéxica 5. Resultados da formación:

- 5.1. Desenvolvemento dos plans de estudo impartidos no Centro conforme ás respectivas Memorias de Verificación.
- 5.2. Actualización dos programas formativos para atender ás necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- 5.3. Información sobre a actividade docente do profesorado.
- 5.4. Sistematización do rexistro e xestión de suxestións, queixas e reclamacións.
- 5.5. Acreditación dos títulos impartidos no Centro.

Liña estratéxica 6. Información pública:

- 6.1. Mantemento do acceso público á información relevante dos títulos impartidos no centro.
- 6.2. Mantemento da guía da Facultade.

Boa parte destes obxectivos están logrados, ou, no caso de aqueles que teñen un carácter permanente, se manteñen nun nivel de consecución razoable. Pero tamén algúns foron quedando superados polo paso do tempo e as mudanzas no contexto. En 2019-20 é imprescindible proceder á elaboración do novo plan estratéxico: baixo o liderado da decana e do equipo decanal, a CCC deberá analizar o contexto (oportunidades e ameazas, fortalezas e feblezas) de cara a definir os obxectivos estratéxicos para un novo período. Este debería de ser, xa que logo, un dos fitos do PMA 2019-20.

OC-1. Contar cun Plan Estratéxico que defina as prioridades da Facultade de Psicoloxía para o vindeiro período en liña co plan estratéxico da USC.

AM_C-1. Elaborar o novo Plan Estratéxico da Facultade.

Outro elemento que é necesario avaliar en relación co desenvolvemento da política de calidade é o **grao de execución e eficacia do Plan de melloras anual (PMA)** levado a cabo durante o curso 2018-19.

Este plan estruturouse en 17 obxectivos de calidade que levaron asociadas un total de 18 accións de mellora. Boa parte delas executáronse a nivel de Centro, por afectar ao conxunto do sistema ou a varios programas formativos. Algunhas outras foron específicas dalgunha titulación, polo que foron executadas, en primeira instancia, polos órganos dos títulos (comisión e coordinador/a), co apoio do equipo decanal.

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízao a CCC. A continuación insírese o informe de execución, aprobado o 21 de xaneiro de 2020. Como se pode ver nel, as accións foron executadas na súa totalidade. Algunhas teñen que ter continuidade, particularmente aquelas que requiren dun investimento económico que ha de realizarse por fases (v.g., a dotación de tomas de corrente nas aulas, AM_C-17); outras conségnanse como executadas aínda que os seus efectos non poden rexer no curso da súa execución (v.g., os cambios na ponderación de materias na ABAU, AM_C-6), e por último algunha resultou nunha eficacia menor que a desexada, polo que deberá repensarse para o futuro (v.g., a obtención de información sobre inserción laboral a través das redes sociais dixitais, AM_C-3).

Informe de execución do PMA da Facultade de Psicoloxía, 2018-19 (aprobado pola Comisión de Calidade o 21/01/2020)

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-1, Preparar a elaboración, para 2020, do novo Plan Estratéxico da Facultade			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Maio 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
Procesos chave relacionados	PE-01, Planificación Estratéxica		
Indicador/es de medición	Nº reunións Equipo decanal / CCC	Meta a conseguir:	Preparar a elaboración do novo Plan Estratéxico para 2020
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-1, Iniciar a fase de reflexión para a diagnose estratéxica cara a elaboración do vindeiro Plan Estratéxico, en 2020.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	3 reunións do equipo decanal.		
Grao de consecución da meta:	Alto. Iniciouse reflexión con antelación suficiente.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Diretriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Próxima finalización da vixencia do Plan Estratéxico.
Definición/ descrición proposta	Iniciar a fase de reflexión para a diagnose estratéxica cara a elaboración do vindeiro Plan Estratéxico, en 2020.

Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/05/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	AM_C-1
Descrición Comprobación	Iniciouse o proceso de reflexión na equipa decanal, con distintas reunións nas que se abordou o impacto das medidas recollidas no vixente Plan Estratéxico, así como as propostas que deberían guiar o novo plan para o seu traslado á CCC no vindeiro curso 2019-20.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-1.1
Descrición tarefa	Iniciar a reflexión para a diagnose cara á elaboración do vindeiro Plan Estratéxico, en 2020.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Iniciouse o proceso de reflexión na equipa decanal, con distintas reunións nas que se abordou o impacto das medidas recollidas no vixente plan Estratéxico, así como as propostas que deberían guiar o novo plan para o seu traslado á CCC no vindeiro curso 2019-20.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-2, Manter actualizado o SGC da Facultade			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Abril 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
Procesos chave relacionados	PE-02, Revisión e mellora		
Indicador/es de medición	Modificacións no SGC	Meta a conseguir:	Manter o SGC, a súa documentación e procesos, actualizados
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-2, Revisar e axustar as táboas de indicadores e informes do SGC e das evidencias asociadas aos procesos.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Actualizáronse o panel de indicadores e informes xeral da USC e o propio da Facultade para o Grao en Psicoloxía.		
Grao de consecución da meta:	Alto. Mantense actualización continua do SGC.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Necesidade de revisión e actualización continua do SGC.
Definición/ descrición proposta	Revisar e axustar as táboas de indicadores e informes do SGC e das evidencias asociadas aos procesos.

Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/04/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	AM_C-2
Descrición Comprobación	Enviouse proposta de axuste á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Tratouse esta proposta, xunto coas provenientes da propia Área e doutros Centros, en reunión xeral da USC no mes de xuño. O axuste resultante será aprobado pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-2.1
Descrición tarefa	Revisar e axustar as táboas de indicadores e informes do SGC e das evidencias asociadas aos procesos que o compoñen.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-2.1. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Enviouse proposta de axuste á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Tratouse esta proposta, xunto coas provenientes da propia Área e doutros Centros, en reunión xeral da USC no mes de xuño. O axuste resultante será aprobado pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-3, Dispoñer de información sobre inserción laboral dos egresados			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Decembro 2018	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora da información sobre satisfacción, expectativas e necesidades		
Procesos chave relacionados	PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas PS-04, Satisfacción, expectativas e necesidades		
Indicador/es de medición	Información inserción laboral: enquisas respondidas	Meta a conseguir:	Dispoñer de datos de inserción laboral
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-3, Utilizar as plataformas de comunicación cos egresados para obter información de inserción laboral e de satisfacción coas titulacións do Centro		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	33 de 543		
Grao de consecución da meta:	Alto. Se ben a acción non resultou satisfactoria, dado que se obtivo unha porcentaxe de participación inferior ao desexado, este ano obtívose información sobre inserción laboral de varios títulos do Centro por outra vía (enquisa da ACSUG).		

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-4, Elevar a porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Maio 2019	DATA FIN: Decembro 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora da información sobre satisfacción, expectativas e necesidades		
Procesos chave relacionados	PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas PS-04, Satisfacción, expectativas e necesidades		

Indicador/es de medición	% de participación na enquisa de avaliación da docencia % de participación na enquisa de satisfacción coa titulación % participación en enquisa propia sobre a titulación	Meta a conseguir:	Incremento da participación respecto do ano anterior
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-13, Desenvolver iniciativas que permitan aumentar o nivel de participación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado. AM_C-3, Utilizar as plataformas de comunicación cos egresados para obter información de inserción laboral e de satisfacción coas titulacións do Centro.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	% participación enquisa avaliación da docencia, 2018-19: Grao en Psicoloxía: 52,17% (curso anterior: 31,61%) MUPXS: 80% (curso anterior: 44,12%) MUPXer: 55,56% (curso anterior: non aplicable). % participación enquisa de satisfacción coa titulación, 2018-19: Grao en Psicoloxía: 5,62% (curso anterior: 9.41%) MUPXS: 9.52% (curso anterior: 10.14%) MUPXer: n.d. % participación en enquisa propia sobre a titulación: Grao en Psicoloxía: 19 respostas MUPXS: 89% (curso anterior: 64%)		
Grao de consecución da meta:	Alto en enquisas de avaliación da docencia. Baixo en enquisas dirixidas a egresados.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 2
Análise causa	Non se dispón de datos actualizados de inserción laboral e as enquisas de satisfacción dos egresados amosan niveis cada vez máis baixos de participación.
Definición/ descrición proposta	Utilizar as plataformas de comunicación cos egresados para obter información de inserción laboral e de satisfacción coas titulacións do Centro.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/12/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	AM_C-3
Descrición Comprobación	Elaborouse un formulario <i>on line</i> a través das ferramentas proporcionadas pola institución incluíndo preguntas relativas á inserción laboral e posibles suxestións de mellora ao plan de estudos. Posteriormente publicouse o vínculo ao formulario na páxina de <i>facebook</i> dedicada aos egresados e remitiuse por correo-e aos egresados incluídos na base de datos creada dende fai dous anos. Con prazo de resposta até 31/12/2019.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-3.1
Descrición tarefa	Creación de enquisa <i>on line</i> e administración aos egresados a través da plataforma de comunicación cos egresados da Facultade de Psicoloxía da USC.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-3.1. Comprobación Nº. 1

Descrición Comprobación	Elaborouse un formulario <i>on line</i> a través das ferramentas proporcionadas pola institución incluíndo preguntas relativas á inserción laboral e posibles suxestións de mellora ao plan de estudos. Posteriormente publicouse o vínculo ao formulario na páxina de <i>facebook</i> dedicada aos egresados e remitiuse por correo-e aos egresados incluídos na base de datos creada dende fai dous anos. Con prazo de resposta até 31/12/2019.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 3
Análise causa	O nivel de participación do alumnado mantense en niveis baixos (en torno ao 30%).
Definición/ descrición proposta	Desenvolver iniciativas que permitan aumentar o nivel de participación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado.
Datas	Finalización 31/07/2019 / Inicio: 01/12/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	AM_C-13
Descrición Comprobación	Realizáronse as seguintes accións: a) comunicacións destinadas ao profesorado e o alumnado para recordar a importancia de que se cubran as enquisas, b) Solicitudes de colaboración aos profesores para que permitisen ao alumnado cubrir as enquisas nas aulas, e c) poñer a disposición do alumnado aulas informáticas nun amplo horario para cubrir as enquisas.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-13.1
Descrición tarefa	Solicitar ao profesorado que permita que o alumnado cubra as enquisas referidas á súa materia nas clases expositivas a través dos seus portátiles ou teléfonos intelixentes.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-13.1. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Solicitouse e acadouse a colaboración do profesorado para permitir que o alumnado cubrixe as enquisas nas aulas a través dos móbiles.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM_C-13.2
Descrición tarefa	Habilitación de aulas con ordenadores nos períodos de aplicación das enquisas de satisfacción.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-13.2. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Habilitouse unha aula de informática para facilitar a participación do alumnado que non puidese cubrir as enquisas no seu portátil ou teléfono móbil.
Data Comprobación	31/07/2019

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-5, Mellorar o axuste do perfil de acceso ás titulacións			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2018	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento dun adecuado perfil de acceso aos estudos		
Procesos chave relacionados	PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación PC-03, Apoio a estudantes PS-04, Satisfacción, expectativas e necesidades		
Indicador/es de medición	Modificación da ponderación na ABAU	Meta a conseguir:	Aplicación da nova ponderación en 2021
	Asistencia ás charlas de orientación		40% dos estudantes de 4º curso
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-6, Solicitar á CIUG a modificación da ponderación nas probas de avaliación do bacharelato para o acceso ao Grao en Psicoloxía, eliminando a ponderación de Física e Química e engadindo a ponderación de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais e Filosofía. AM_C-8, Axustar as datas das charlas sobre estudos de Posgrao para os Graduados en Psicoloxía para fomentar a participación dos/das estudantes de últimos cursos.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Non medido		
Grao de consecución da meta:	Alto no relativo ao Grao. A modificación nas ABAU entrará en vigor no momento previsto. Baixo no relativo ao Posgrao: A acción prevista non puido ser realizada.		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 3
Análise causa	A ponderación de materias nas probas de avaliación de Bacharelato para o acceso ao Grao non se axusta exactamente á adscrición das materias da titulación, tal como se reflexa nos traslados de expedientes dende outras titulacións.
Definición/ descrición proposta	Solicitar á CIUG a modificación da ponderación nas probas de avaliación do bacharelato para o acceso ao Grao en Psicoloxía, eliminando a ponderación de Física e Química e engadindo a ponderación de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais e Filosofía.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	AM_C-6
Descrición Comprobación	A modificación foi solicitada a CIUG, logo da súa aprobación en Xunta de Facultade. A CIUG acepta as modificacións, co seguinte calendario: Os cambios referidos as novas materias que van ponderar xa entran en vigor para o curso académico 2019-20, mentres que os referidos ás materias que deixan de ponderar entrarán en vigor no curso 2020-21.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Tarefa1	AM_C-6.1
Descrición tarefa	Solicitud de modificación na ponderación de materias nas probas ABAU.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-6.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A modificación foi solicitada a CIUG, logo da súa aprobación en Xunta de Facultade. A CIUG acepta as modificacións, co seguinte calendario: Os cambios referidos as novas materias que van ponderar xa entran en vigor para o curso académico 2019-20, mentres que os referidos ás materias que deixan de ponderar entrarán en vigor no curso 2020-21.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-6, Mellorar a información e orientación inicial ao estudantado de Grao			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador de Título de Grao		DATA INICIO: Febreiro 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Orientación enfocada ás necesidades do estudantado		
Procesos chave relacionados	PC-03, Apoio a estudantes PS-04, Satisfacción, expectativas e necesidades		
Indicador/es de medición	IN-P-GPS-01	Meta a conseguir:	Valor = 4 (2019-20)
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-7, Realizar unha consulta no 2º semestre aos estudantes de 1º para recadar opinión que permita mellorar a Xornada de Acollida.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	4,1 (curso anterior: 3,6)		
Grao de consecución da meta:	Alto. Acadouse o referente proposto xa en 2018-19.		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 3
Análise causa	Conveniencia de axustar o contido da Xornada de Acollida a novos estudantes do Grao.
Definición/descrición proposta	Realizar unha consulta no 2º semestre aos estudantes de 1º para recadar opinión que permita mellorar a Xornada de Acollida.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	AM_C-7
Descrición Comprobación	Convidouse aos representantes de curso de 1º a aportar os puntos fortes e febles da xornada de acollida. A partires da información recollida, fixéronse os axustes oportunos para fomentar a adaptación do estudantado á organización do centro e do grao.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-7.1
Descrición tarefa	Realización dunha consulta no 2º semestre aos estudantes de 1º para recadar opinión que permita mellorar a Xornada de Acollida.

Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-7.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Convidouse aos representantes de curso de 1º a aportar os puntos fortes e febles da xornada de acollida. A partires da información recollida, fixéronse os axustes oportunos para fomentar a adaptación do estudantado á organización do centro e do grao.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-7, Mellorar a participación nas xornadas de orientación sobre estudos de posgrao			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador do Título de Grao		DATA INICIO: Febreiro 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Orientación enfocada ás necesidades do estudantado		
Procesos chave relacionados	PC-03, Apoio a estudantes PS-04, Satisfacción, expectativas e necesidades		
Indicador/es de medición	Asistencia ás charlas de orientación	Meta a conseguir:	40% dos estudantes de 4º curso
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-8, Axustar as datas das charlas sobre estudos de Posgrao para os Graduados en Psicoloxía para fomentar a participación dos/das estudantes de últimos cursos.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Non medido		
Grao de consecución da meta:	Baixo: A acción prevista non puido ser realizada.		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Diretriz 3
Análise causa	Detectouse baixa asistencia de alumnos/as de 4º nas charlas sobre estudos de Posgrao para os Graduados en Psicoloxía.
Definición/ descrición proposta	Axustar as datas das charlas sobre estudos de posgrao para os graduados en Psicoloxía, para fomentar a participación dos/das estudantes de últimos cursos.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Non; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	AM_C-8
Descrición Comprobación	Se ben se consultou aos representantes de estudantes sobre as datas máis axeitadas para levar a cabo estas sesións informativas, a situación de espera pola decisión relativa á implantación dun novo título para o curso 2019/20 obrigou a realizala moi avanzado o curso, fóra dese período, polo que se reiterará a acción o vindeiro curso.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Tarefa1	AM_C-8.1
Descrición tarefa	Realización dunha reunión con representantes do alumnado para coñecer a súa dispoñibilidade para a realización de charlas sobre estudos de posgrao.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-8.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Se ben se consultou aos representantes de estudantes sobre as datas máis axeitadas para levar a cabo estas sesións informativas, a situación de espera pola decisión relativa á implantación dun novo título para o curso 2019/20 obrigou a realizala moi avanzado o curso, fóra dese período, polo que se reiterará a acción o vindeiro curso.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-8, Favorecer a toma de decisións informadas nos procesos de elección/asignación do TFG, TFM, Prácticums			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador de TFG		DATA INICIO: Setembro 2018	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Orientación enfocada ás necesidades do estudantado		
Procesos chave relacionados	PC-03, Apoio a estudantes		
Indicador/es de medición	IN-P-GPS-06	Meta a conseguir:	Elevar a puntuación media dos últimos 3 anos (curso 2019-20)
	INF-P-MPXS-02 (ítem 8)		Manter puntuación \geq 4,0
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-9, Modificar o proceso de asignación do TFG, engadindo un formulario <i>on line</i> que permita que os estudantes poidan reflexionar sobre as súas preferencias de temática.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	IN-P-GPS-06: 7,9 (cursos anteriores: 7,5/ 7,2 /7,1) INF-P-MPXS-02 (ítem 8): (a) 4,4 e (b) 4,0		
Grao de consecución da meta:	Alto. Acadáronse os referentes propostos.		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 3
Análise causa	O procedemento (elección por orde de expediente en sesión presencial) non permite unha selección meditada do tema e titor/a de TFG, especialmente naqueles estudantes que non teñen expedientes máis altos.
Definición/ descrición proposta	Modificar o proceso de asignación do TFG, engadindo un formulario <i>on line</i> que permita que os estudantes poidan reflexionar sobre as súas preferencias de temática.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	AM_C-9

Descrición Comprobación	Elaborouse o devandito formulario que foi cuberto por tódolos/as estudantes matriculados no TFG.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-9.1
Descrición tarefa	Creación e administración dun formulario <i>on line</i> que permita que os estudantes poidan reflexionar con máis tempo sobre as súas preferencias de temática e asignación de TFG, e asignación por orde de expediente a través dunha ferramenta informática.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-91.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Elaborouse o devandito formulario que foi cuberto por tódolos/as estudantes matriculados no TFG.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-9, Mellorar a información sobre mobilidade ao estudiantado			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Responsable académica de mobilidade		DATA INICIO: Xaneiro 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Orientación enfocada ás necesidades do estudiantado Incremento da mobilidade saínte do estudiantado		
Procesos chave relacionados	PC-03, Apoio a estudantes		
Indicador/es de medición	IN17	Meta a conseguir:	Acadar media Graos USC
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11, Desenvolver iniciativas que proporcionen maior información aos/ás estudantes do Grao sobre os programas de mobilidade.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	4,55		
Grao de consecución da meta:	Non avaliable: Non se dispón do valor de referencia (media Graos USC) para o curso 2018-19. A porcentaxe subiu 1 pto (desde 3,64) respecto do curso anterior		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 3
Análise causa	As enquisas propias da Facultade amosaron diversos factores que limitan a participación dos/as estudantes en programas de mobilidade.
Definición/ descrición proposta	Desenvolver iniciativas que proporcionen maior información aos/ás estudantes do Grao sobre os programas de mobilidade.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	AM_C-11
Descrición Comprobación	Leváronse a cabo dúas sesións informativas para os alumnos de grao para darlles información acerca das convocatorias dos programas de mobilidade para o vindeiro curso e elaborouse unha selección de preguntas frecuentes.
Data Comprobación	31/07/2019

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-11.1
Descrición tarefa	Creación de sección de Preguntas Máis Frecuentes (FAQs) sobre mobilidade na páxina web da Facultade.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-11.1. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Elaborouse unha selección de preguntas frecuentes e as súas respostas acerca da mobilidade do estudantado de grao que foron engadidas á sección de mobilidade da páxina web da Facultade de Psicoloxía.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM_C-11.2
Descrición tarefa	Publicitar as reunións informativas relacionadas cos programas de mobilidade a través de avisos nas aulas, sección novidades da web, Campus Virtual e pantallas do centro e proporcionar información aos/as alumnos/as de 1º e 2º sobre os requisitos de idiomas nos distintos destinos (programas Erasmus+ e Convenio bilateral).
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Ana López Durán
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-11.2. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Leváronse a cabo dúas sesións informativas para os/as alumnos/as de grao para darlles información acerca das convocatorias dos programas de mobilidade para o vindeiro curso que foron publicitadas con carteis nas aulas, nas pantallas do centro e na páxina web da Facultade.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-10, Garantir información completa e precisa nos programas e/ou guías das materias sobre o seu contido e desenvolvemento			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinadores Título		DATA INICIO: Abril 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento dunha adecuada organización e desenvolvemento dos programas formativos		
Procesos chave relacionados	PC-02, Planificación das ensinanzas PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición	Nº de programas axustados	Meta a conseguir:	Información precisa en todos os programas do título
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-4, Garantir a inclusión, nos programas de todas as materias do MUPXS, de información precisa sobre a temporalización das sesións interactivas e dos criterios de avaliación para a cualificación de 'non presentado'.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	100%		
Grao de consecución da meta:	Alto. Acadouse o referente proposto.		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 2
Análise causa	Deféctase a insatisfacción de algúns estudantes co contido práctico dalgunhas materias e cos criterios de avaliación.
Definición/ descrición proposta	Garantir a inclusión, nos programas de todas as materias do MUPXS, de información precisa sobre a temporalización das sesións interactivas e dos criterios de avaliación para a cualificación de 'non presentado'
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/03/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela
Comprobación Acción	AM_C-4
Descrición Comprobación	Comunicouse aos docentes a acción de mellora e as razóns que a xustificaban. Incorporáronse as modificacións, cando correspondeu, nos programas das materias para o curso 2019-20.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-4.1
Descrición tarefa	No periodo de revisión das guías docentes se solicitará aos docentes responsables de cada materia que fagan explícita nos programas a información mencionada.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Xosé Antón Gómez Fraguela
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-4.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Enviouse un correo a todos os docentes do Máster informando da acción de mellora proposta e as razóns que a xustificaban. Nese correo tamén se informaba das datas de apertura do prazo para a modificación dos programas das materias e se solicitaba a súa revisión se era oportuno.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM_C-4.2
Descrición tarefa	Revisar as guías docentes para comprobar que se fixeron os axustes indicados antes da súa publicación na web a finais de 2018-19 (guías para curso 2019-20).
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Xosé Antón Gómez Fraguela
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-4.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Revisión das modificacións dos programas das materias por parte do coordinador e posterior revisión por parte do Consello de Departamento (17/06/2019) e da Comisión de Título do Máster (18/06/2019).
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE

OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-11, Mellorar o equilibrio na distribución da carga de traballo anual do estudiantado

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador do Título		DATA INICIO: Febreiro 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento dunha adecuada organización e desenvolvemento dos programas formativos		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas		
Indicador/es de medición	Incidencias ou queixas relativas a desequilibrio na carga de traballo entre semestres	Meta a conseguir:	0 incidencias
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-5, Solicitar o cambio de semestre (de 1º a 2º) dunha materia obrigatoria do MUPXS para mellor equilibrar a carga de traballo dos/as estudantes.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	0 incidencias		
Grao de consecución da meta:	Alto. Non se rexistraron incidencias		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 2
Análise causa	Existe un desequilibrio de docencia entre o primeiro e segundo semestre que provoca unha sobrecarga de traballo non presencial no primeiro semestre.
Definición/ descrición proposta	Solicitar o cambio de semestre (de 1º a 2º) dunha materia obrigatoria do MUPXS para mellor equilibrar a carga de traballo dos/as estudantes.
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 13/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela
Comprobación Acción	AM_C-5
Descrición Comprobación	Consultouse cos docentes do primeiro semestre sobre a posibilidade de cambiar a materia para o segundo semestre. Identificada a materia mais conveniente para propor o cambio (Avaliación e intervención psicolóxica en adicións-P2151104), solicitouse o seu cambio no período de revisión da proposta de PDA e foi aprobado de cara ao curso 2019-20.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-5.1
Descrición tarefa	O 13/02/2019 solicitouse á Xunta de Facultade a modificación da PDA do título para que a materia citada se trasladase do primeiro ao segundo semestre.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Xosé Antón Gómez Fraguela
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-5.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Consultouse cos docentes do primeiro semestre sobre a posibilidade de cambiar a materia para o segundo semestre. Identificada a materia mais conveniente para propor o cambio (Avaliación e intervención psicolóxica en adicións-P2151104), solicitouse o seu cambio no período de revisión da proposta de PDA e foi aprobado de cara ao curso 2019-20.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-12, Mellorar a acollida do estudantado de mobilidade entrante polos compañeiros/as			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Responsable académica de mobilidade		DATA INICIO: Xaneiro 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Axuste da mobilidade entrante do estudantado		
Procesos chave relacionados	PC-03, Apoio a estudantes		
Indicador/es de medición	INF-05	Meta a conseguir:	Puntuación ítem asociado até a media da USC (curso 2019-20)
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-10, Fomentar o compromiso dos/as representantes de estudantes e delegados/as de curso co asesoramento e integración dos/as estudantes de mobilidade entrante.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Non dispoñible (non se dispón de informe do curso 2018-19)		
Grao de consecución da meta:	Non avaliable: Non se dispón do indicador.		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 3
Análise causa	As enquisas de satisfacción do alumnado entrante dos programas de mobilidade continúan a amosar unha baixa integración dos mesmos co resto dos/das estudantes.
Definición/ descrición proposta	Fomentar o compromiso dos/as representantes de estudantes e delegados/as de curso co asesoramento e integración dos/as estudantes de mobilidade entrante.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	AM_C-10
Descrición Comprobación	Convidouse aos representantes de estudantes e delegados/as de curso a participar nas dúas reunións realizadas ao inicio de cada un dos semestres co estudantado procedente de programas de mobilidade entrante.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-10.1
Descrición tarefa	Realización dunha reunión con representantes do alumnado para solicitar a súa axuda en reunións de información e actividades dirixidas ao estudantado provinte de programas de mobilidade (Sicue, Erasmus, Convenio Bilateral).
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Ana López Durán
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-10.1. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Convidouse aos representantes de estudantes e delegados/as de curso a participar nas dúas reunións realizadas ao inicio de cada un dos semestres co estudantado procedente de programas de mobilidade entrante.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--

Axustes/Novas Tarefas	--
-----------------------	----

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-13, Identificar experiencias de boas prácticas docentes			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador de título de Grao		DATA INICIO: Febreiro 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora da docencia centrada no alumnado		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas		
Indicador/es de medición	Prácticas docentes de éxito identificadas	Meta a conseguir:	Transmisión de boas prácticas entre o profesorado
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-12, Realizar enquisas para detectar exemplos de boas prácticas que favorezan a boa adquisición de competencias por parte do estudiantado e identificar posibles dificultades que leven a un decaemento nas taxas de éxito.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	4 de 5 enquisas respondidas		
Grao de consecución da meta:	Medio. Incorporouse sistemática de reflexión sobre variacións importantes nas taxas de éxito das materias.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 2
Análise causa	Detectáronse cambios significativos (maior ao 15%) en notas máis altas (Sobresaliente e Matrícula de Honra) e máis baixas (Suspenso) nalgunhas materias do Grao.
Definición/ descrición proposta	Realizar enquisas para detectar exemplos de boas prácticas que favorezan a boa adquisición de competencias por parte do estudiantado e identificar posibles dificultades que leven a un decaemento nas taxas de éxito.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/02/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	AM_C-12
Descrición Comprobación	Elaborouse e administrouse un formulario <i>on line</i> para recadar información acerca de cambios nas materias con cambios superiores ao 15% nas notas máis altas e máis baixas respecto ao ano anterior.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-12.1
Descrición tarefa	Creación de enquisa <i>on line</i> e administración aos coordinadores das materias que amosaron cambios superiores ao 15% nas notas máis altas e máis baixas respecto ao ano anterior.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-12.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Elaborouse e administrouse un formulario <i>on line</i> para recadar información acerca de cambios nas materias con cambios superiores ao 15% nas notas máis altas e máis baixas respecto ao ano anterior.

Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-14, Promover a formación continuada do persoal			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Abril 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento dun cadro de persoal suficiente, estable e altamente capacitado		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas PS-01, Xestión dos recursos humanos		
Indicador/es de medición	% PDI/PAS que realiza cursos (I6/I7)	Meta a conseguir:	Promedio de 20% anual dos cadros de persoal
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-14, Poñer en marcha un proceso de recollida de propostas de cursos de interese para o PDI/PAS da Facultade e trasladalo aos programas de Formación da USC para a súa realización na Facultade de Psicoloxía.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	I6 (PDI): superior ao 20% en todos os títulos activos I7 (PAS): superior ao 70%		
Grao de consecución da meta:	Alto. Acadouse o referente proposto.		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 4
Análise causa	Considérase conveniente seguir estimulando a participación do profesorado en actividades de formación e innovación docente dada a constante actualización das TICs postas a disposición pola USC.
Definición/ descripción proposta	Poñer en marcha un proceso de recollida de propostas de cursos de interese para o PDI/PAS da Facultade e trasladalo aos programas de Formación da USC para a súa realización na Facultade de Psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/04/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	AM_C-14
Descrición Comprobación	Realizouse unha enquisa ao PDI para que fagan propostas de cursos nos que estarían interesados en participar para, no 1º trimestre do curso 2019-20, elaborar a proposta e trasladala ao PFID.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-14.1
Descrición tarefa	Solicitarase no mes de xullo ao PDI que envíe un listado priorizado cos cursos/seminarios que sexan do seu interese e o período temporal de preferencia (cuadrimestre e franxa horaria). A información trasladarase aos responsables do Plan de Formación e Innovación Docente da USC para estudar a viabilidade da súa execución no Centro.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-14.1. Comprobación Nº. 1

Descrición Comprobación	Realizouse unha enquisa ao PDI para que fagan propostas de cursos nos que estarían interesados en participar para, no 1º trimestre do curso 2019-20, elaborar a proposta e trasladala ao PFID.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-15, Manter unha dotación adecuada de equipamento para prácticas			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Marzo 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento de infraestruturas e instalacións para a docencia acorde coas necesidades		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos		
Indicador/es de medición	Nº de ordenadores	Meta a conseguir:	Dotación de 3 novos ordenadores
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-15, Incrementar a dotación de ordenadores do laboratorio docente de Psicoloxía Básica		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	5		
Grao de consecución da meta:	Alto. Superouse o referente proposto.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 5
Análise causa	Traslado polos estudantes da necesidade de incrementar o número de ordenadores dun laboratorio docente.
Definición/ descrición proposta	Incrementar a dotación de ordenadores do laboratorio docente de Psicoloxía Básica.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/03/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	AM_C-15
Descrición Comprobación	Dotouse o laboratorio de Psicoloxía Básica de 5 novos ordenadores. Esta acción financiouse co orzamento descentralizado para accións de calidade.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-15.1
Descrición tarefa	Incrementar a dotación de ordenadores do laboratorio docente de Psicoloxía Básica.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-15.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Dotouse o laboratorio de Psicoloxía Básica de 5 novos ordenadores. Esta acción financiouse co orzamento descentralizado para accións de calidade.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-16, Dispoñer de infraestrutura de conexión suficiente para o uso das TIC na docencia			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Xaneiro 2019	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento da infraestrutura e instalacións para a docencia acorde coas necesidades		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos		
Indicador/es de medición	Nº de aulas con ampliación de tomas	Meta a conseguir:	Dotación suficiente de tomas de corrente en dúas novas aulas
	Incidencias por insuficiencia <i>wifi</i>		0 incidencias
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-17, Executar a segunda fase da dotación de tomas de corrente nas aulas AM_C-18, Reforzar a cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso que se está a producir.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	6 (4 novas) aulas 0 incidencias		
Grao de consecución da meta:	Alto. Acadáronse os referentes propostos.		

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 5
Análise causa	As aulas carecen de tomas de corrente suficientes para poder traballar con ordenadores portátiles. Iniciouse unha intervención neste sentido no curso 2017-18, que debe continuarse cunha 2ª fase.
Definición/ descrición proposta	Executar a segunda fase da dotación de tomas de corrente nas aulas.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 02/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	AM_C-17
Descrición Comprobación	Continuando coa acción de mellora, nesta 2ª fase puxéronse tomas de corrente en 4 aulas da facultade: aulas 8 e 9 do Módulo A e aulas 5 e 6 do Módulo B. Continuarase coa seguinte fase nos próximos cursos ata completar a dotación.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-17.1
Descrición tarefa	Segunda fase da dotación de tomas de corrente nas aulas.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-17.1. Comprobación Nº. 1

Descrición Comprobación	Continuando coa acción de mellora, nesta 2º fase puxéronse tomas de corrente en 4 aulas da facultade: aulas 8 e 9 do Módulo A e aulas 5 e 6 do Módulo B. Continuarase coa seguinte fase nos próximos cursos ata completar a dotación.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 5
Análise causa	A dotación progresiva de tomas de corrente nas aulas posibilita un maior uso de ordenadores portátiles e, consecuentemente, vaise precisar comprobar periodicamente a cobertura da rede sen fíos que, se ben cubre o 100% dos espazos, pode resultar insuficiente en potencia.
Definición/ descrición proposta	Reforzar a cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso que se está a producir.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 02/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	AM_C-18
Descrición Comprobación	Incrementouse a potencia da cobertura en todas as zonas da Facultade nas que se detectou insuficiencia. Nomeadamente: as aulas que se dotaron de tomas de corrente, os despachos de investigadores e o laboratorio de Psicoloxía Básica. Esta acción financiouse co orzamento descentralizado destinado a accións de calidade.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-18.1
Descrición tarefa	Reforzamento da cobertura <i>wifi</i> para atender ao incremento de uso que se está a producir.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-18.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Incrementouse a potencia da cobertura en todas as zonas da Facultade nas que se detectou insuficiencia. Nomeadamente: as aulas que se dotaron de tomas de corrente, os despachos de investigadores e o laboratorio de Psicoloxía Básica. Esta acción financiouse co orzamento descentralizado destinado a accións de calidade.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE		
OBXECTIVO A CONSEGUIR: OC-17, Dispoñer de espazos que atendan ás necesidades do estudantado		
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana	DATA INICIO: Decembro 2018	DATA FIN: Xullo 2019
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento de condicións adecuadas de habitabilidade e seguridade das instalacións Optimización do uso de espazos	

Procesos chave relacionados	PC-03, Apoio aos estudantes PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos		
Indicador/es de medición	Existencia dun local habilitado	Meta a conseguir:	Contar cun local para xantar
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-16, Dotación e mellora de diversas instalacións docentes - Reformar/adaptar un local da Facultade como sala de xantar.		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Local disponible / Renovación de sistemas de videoproxección (8) e son (5) en aulas		
Grao de consecución da meta:	Alto. Acadouse o referente proposto.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	
Orixe	Memoria de Calidade do Centro 2017-18
Ámbito de aplicación	Directriz 5
Análise causa	Proposta dos estudantes de contar cun espazo onde xantar.
Definición/ descripción proposta	Dotación e mellora de diversas instalacións docentes - Reformar/adaptar un local da Facultade como sala de xantar.
Datas	Finalización: 31/07/2019 / Inicio: 01/12/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 31/07/2019
Responsables	
Comprobación Acción	AM_C-16
Descrición Comprobación	- Reparáronse ou instaláronse ex-novo sistemas de son en 5 aulas, e adquiríronse 8 videoproxectores para a súa instalación en aulas (mellora de equipamento). Esta dotación financiouse con cargo ao orzamento descentralizado destinado a accións de calidade. - Adaptouse o local de estudantes, tirando un tabique, para unilo co antigo espazo no que se situaban os microondas, de maneira que a ampliación do espazo permite agora que o local sirva como sala de xantar.
Data Comprobación	23/12/2019
Incidencias	Esta acción modificouse con posterioridade á súa aprobación para ampliar o seu alcance, para o que se engadiu unha segunda tarefa.
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-16.1
Descrición tarefa	Reforma/adaptación dun local da Facultade como sala de xantar.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-16.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Adaptouse o local de estudantes, tirando un tabique, para unilo co antigo espazo no que se situaban os microondas, de maneira que a ampliación do espazo permite agora que o local sirva como sala de xantar.
Data Comprobación	31/07/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM_C-16.2
Descrición tarefa	Instalación e mellora de equipamentos de son e videoproxección en aulas.
Data prevista de finalización	30/12/2019
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM_C-16.2. Comprobación Nº. 1

Descrición Comprobación	Instalación e reparación de sistema de son en 5 aulas. Adquisición e instalación de 8 videoproxectores para as aulas. Esta dotación financiouse con cargo ao orzamento descentralizado destinado a accións de calidade.
Data Comprobación	23/12/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Psicoloxía está, no momento da presentación desta Memoria, debidamente actualizado. Desde a obtención da acreditación institucional do Centro, a comezos de 2019, viuse realizando unha adaptación a esta nova circunstancia no proceso de seguimento, análise e mellora. Esta adaptación estaba xa prevista na versión dos manuais do SGC vixentes, polo que non afectou aos mesmos. Recentemente, a dirección do Centro recibiu comunicación de que a Memoria de Calidade do curso 2017-18 fora revisada externamente, pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG), e informada favorablemente, polo que se pode considerar que a adaptación ao novo modelo de seguimento, análise e mellora se está a realizar satisfactoriamente.

En 2018-19 se formulou a necesidade de revisar e axustar as táboas de indicadores e informes do SGC, cuestión que se presentou como unha acción de mellora (AM_C-2) asociada ao obxectivo de manter permanentemente actualizado o SGC (OC-2). Trasládouse para iso unha proposta de axustes á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, que foi incorporada en boa medida. Nesta liña continúaase, pois, revisando e mantendo actualizado o SGC. Para o ano en curso, no marco deste obxectivo propónse revisar e axustar algúns procesos cuxa evolución nos últimos anos ten dado lugar a cambios que, aínda non sendo de gran calado, cómpre consignar no manual. Particularmente, aspectos relativos ao proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, relativos á xestión da mobilidade ou das prácticas.

OC-2. Manter actualizado o SGC da Facultade

AM_C-2. Revisar e, se é o caso axustar, o proceso PC-04 do SGC.

No caso de **títulos interuniversitarios**, procúrase a maior coordinación posible das accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC; o seguimento e revisión dos títulos (igual que o seu deseño e, no seu caso, extinción), desenvólvense conforme aos procesos do SGC da Facultade coordinadora (USC no caso do MUPXer, UdC para o MUEALCP); a xestión académica (preinscrición, matrícula, emisión de certificados, etc.) realízanse conforme ás mecánicas establecidas en cada unha das universidades que, sendo todas elas públicas e do Estado español, son moi similares. Por último, as accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos se aplican en todas as universidades. As principais dificultades para unha completa coordinación derivan de que (1) os calendarios de procesos académicos difiren entre as institucións, polo que, en ocasións, a completa posta en práctica de certas accións ten que estenderse por máis de un curso académico, e (2) a dificultade para que os departamentos de Calidade de todas as universidades provean a totalidade dos indicadores definidos no SGC do Centro coordinador, o que obriga aos responsables da titulación a recadar esa información polos seus propios medios.

Como última cuestión a valorar neste epígrafe, cómpre facer referencia aos **mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**. A sistemática para esta recollida de información está exposta no proceso institucional da USC *PI-08, Satisfacción, expectativas e necesidades*, que

establece o proceso de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade, pola súa parte, complementa esta información recadada a nivel institucional, ben mediante a aplicación de enquisas propias para procesos específicos (TFG, Prácticum, actividades do Plan de acción tutorial) ou ben a través de reunións con axentes dos grupos de interese (estudantes, profesorado, titores de Prácticum). Esta información, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a procedente de queixas, reclamacións e suxestións, conforma en boa medida a base sobre a que se realiza o seguimento anual do SGC e dos programas formativos.

Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recada información mediante enquisas é suficiente, e o que require unha atención especial é a consecución duns niveis de participación significativos. En 2019-20 desenvóléronse varias accións de mellora, asociadas aos obxectivos de calidade OC-3 e OC-4, para incrementar a participación e mellorar a obtención de información dos grupos de interese. Cómpre dicir que aquelas que se realizaron cos estudantes (AM_C-13) pareceron ter éxito, a teor do incremento experimentado nas taxas de participación; en cambio, as que se intentaron para chegar aos egresados e as egresadas (AM_C-3) non deron o resultado agardado, pois se ben si que se apuntaron ás plataformas de comunicación activadas, parece que as utilizan máis para obter información que para proporcionala.

É importante sinalar tamén que durante o curso 2018-19 se puxo en marcha unha iniciativa de revisión e mellora das enquisas institucionais, a nivel da USC. Co obxectivo de facelas máis atractivas para os grupos de interese, recolléronse as suxestións achegadas a través de grupos focais de contacto e de entrevistas con representantes de estudantes; así, por exemplo, nalgunhas enquisas incorporouse un campo aberto que posibilita expresar achegas alén da resposta aos ítems pechados. O conxunto das medidas adoptadas desde a USC e das accións realizadas desde a Facultade están na base, moi probablemente, do incremento da participación que se apreciou nas enquisas de satisfacción coa docencia (que pasaron do 31,6 ao 52,2% no caso do Grao en Psicoloxía e do 44,1 ao 80% no caso do MUPXS).

En canto ás queixas, suxestións e reclamacións, indicar que a Facultade de Psicoloxía recibe un moi escaso número de queixas e reclamacións formais. No decanato da Facultade, en 2018-19 non se recibiu queixa ningunha, igual que ocorrera no curso anterior, 2017-18. Na Oficina de análise de reclamacións (OAR) da USC, recibíronse, segundo a súa memoria anual, tres recursos (dous de estudantes do Grao en Psicoloxía, un de estudante do MUPXer) e ningunha queixa. Destes recursos un foi estimado e outro estimado parcialmente, mentres que o terceiro (relativo ao esgotamento de convocatorias) foi rexeitado. En todo caso, a Comisión de Calidade da Facultade segue a considerar que a forma máis efectiva para recadar suxestións e detectar problemas é a celebración de reunións -que se fan con periodicidade semestral- con representantes de estudantes para avaliar o desenvolvemento dos cursos. Nese marco xorden propostas de diferente tipo que se trasladan ao órgano que corresponde para a súa valoración e, de ser o caso, aplicación ou traslado ao PMA.

2.2. Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación, a revisión periódica e, se procede, a extinción dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais). Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías para o alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións relativas á revisión periódica e mellora dos programas formativos:
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para atender ao ciclo de garantía externa das titulacións (seguimento e renovación da acreditación) e para facilitar, se é o caso, a implantación de modificacións;
 - cumprimento dos programas das materias;
 - funcionamento dos procedementos de coordinación,
 - adecuación dos perfís reais de ingreso e de egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe (globais da titulación) previstos na memoria. (Nota: os relativos ás materias analízanse na Directriz 3).
 - información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación. (Nota: os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).
- Se é o caso, análise das accións relativas ao deseño de novos títulos e á extinción de títulos existentes.

A Facultade de Psicoloxía ten implantados procedementos que rexen o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Estes procedementos están sistematizados no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas* do [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#), que establece as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos, e no proceso *PE-02, Revisión e mellora*, do SGC da Facultade de Psicoloxía, que guía o seguimento anual dos ditos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles.

Anualmente, seguindo este proceso *PE-02*, as CT analizan polo miúdo o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos. Faise seguimento do cumprimento da memoria verificada do título (MVT) e, no seu caso, a conveniencia de modificala ou actualizala, e analízanse o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. O SGC establece a sistemática coa que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado *PE-02*, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas*, e *PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*. Os informes destes seguimentos trasládanse á CCC, que os revisa e analiza e aproba as accións de mellora derivadas.

As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme estes procedementos atópanse nas actas destes órganos (comisións de título e comisión de calidade).

No caso do deseño de novos títulos, procédese conforme ao proceso institucional citado (*PI-01*) e, no que compete ao Centro (traballos de comisión redactora, aprobación por Xunta de Facultade) queda, igualmente, evidencia nas actas e acordos deses órganos.

A continuación, preséntase unha síntese da análise do desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Psicoloxía durante o curso 2018-19. É de sinalar que durante ese curso se procedeu, ademais, ao deseño dun novo título, o Máster Universitario en Psicoloxía, para a súa implantación en 2019-20; deste proceso tamén se dá conta na presente memoria.

2.2.1. Grao en Psicoloxía.

A CT do Grao en Psicoloxía realizou, conforme lle corresponde, o seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2018-19; este seguimento recóllese no informe que aprobou en marzo de 2020¹.

No tocante a supervisar o **cumprimento do incluído na MVT**, a CT do Grao en Psicoloxía continuou a asegurar que o desenvolvemento das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación se adecuaban ao previsto nese documento, instando a xustificar os casos nos que o sistema de avaliación mudou levemente, e a adaptar os programas ao cumprimento da normativa da USC e aos contidos recollidos nas fichas da MVT, tal como se aprecia nas actas da devandita comisión.

En 2018-19 a **MVT foi obxecto dunha modificación** consistente en eliminar a referencia á necesidade de acreditar o nivel B1 ou superior dun idioma estranxeiro para a obtención do Título de Grao en Psicoloxía. A orixe desta modificación estivo nos acordos do Claustro e do Consello de Goberno da USC de maio de 2018; a modificación realizouse seguindo o procedemento establecido, cos informes e acordos dos órganos correspondentes, dentro e fóra da Facultade de Psicoloxía.

Indicar tamén que a publicación da Orde Ministerial de 5 de decembro de 2018, pola que se regulan as condicións xerais ás que se axustarán os plans de estudo do Grao en Psicoloxía, obrigaba a unha nova modificación desta MVT para adaptala á mesma; nese curso 2018-19 quedouse á espera de que se estableceran instrucións específicas para a aplicación desa Orde, polo que se propuxo realizala en 2019-20, no marco do obxectivo de calidade relativo ao mantemento da vixencia dos programas formativos.

OC-3. Manter actualizados os programas formativos, mediante a supervisión do cumprimento e, no seu caso, modificación, das memorias de verificación dos títulos (MVT).

AM_C-3. Modificar a MVT do Grao en Psicoloxía para adaptala á OM de 5 de decembro de 2018 pola que se regulan as condicións xerais ás que se axustarán os plans de estudos de Grao en Psicoloxía.

A supervisión do **cumprimento dos programas das materias**, realízase principalmente a través das reunións dos/as coordinadores/as de curso co profesorado e cos representantes do estudiantado. Estas reunións realízanse semestralmente e trasládase informe delas á CT. Como en anos anteriores, non se detectaron incidencias no cumprimento dos programas. Os datos das enquisas de avaliación da docencia recibida avalan esta afirmación, xa que os e as estudantes refiren que o profesorado cumpre co programa e o plan de traballo previsto (4,4 sobre 5) e cumpren tamén co cronograma temporal das materias (4,3 sobre 5)². Os programas mantéñense [publicados na web](#) institucional da Facultade.

Os **procedementos de coordinación** no marco do programa formativo descansan piramidalmente no coordinador/a de título, a CT e os coordinadores/as de curso, de TFG e de

¹ Documento: 2500462_Informe_seguinte_CT_2018-19

² Documento: 2500462_INF.13_2018-2019

Prácticum. Para recadar información, os coordinadores/as de curso realizan, semestralmente, reunións coa representación do estudiantado e co profesorado.

No curso obxecto desta memoria celebráronse as reunións ordinarias para todos os cursos, tal e como se evidencia nos informes destas reunións que se recollen nas actas da CT³. Na mesma liña do ano anterior, os mecanismos de coordinación das actividades docentes e, sobre todo, das datas de avaliación, a través do campus virtual, tivo unha boa acollida por parte do alumnado, que sinalou a boa coordinación entre materias.

No relativo á **adecuación dos perfís de ingreso e de egreso**, a CT revisa cada ano os datos que poden aportar información ao respecto. En canto ao ingreso, estima que existen suficientes indicadores que sinalan súa adecuación: taxas oferta/demanda, notas de acceso ao primeiro curso, porcentaxe de estudantes que acceden a este Grao como a súa primeira opción, resultados académicos en 1º curso, baixa taxa de abandono (no informe de seguimento do curso pola CT consta unha análise pormenorizada destes datos⁴).

Cómpre sinalar neste punto que, se ben o perfil de ingreso se considera adecuado, no curso 2018-19 se levou a cabo unha iniciativa para axustalo mellor, consistente na modificación das ponderacións de materias nas probas de acceso (ABAU) que entrou en vigor parcialmente xa en 2019-20 (ver Informe de execución do Plan de Melloras Anual da Facultade de Psicoloxía, 2018-19, OC-5, AM_C-6, no capítulo 1 desta memoria).

En canto ao perfil de egreso, a CT analizou os datos máis recentes dispoñibles, procedentes das enquisas de inserción laboral do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU) do Ministerio e da ACSUG, respectivamente⁵. De entre os datos que se detallan no informe de seguimento realizado pola CT, destacar en canto a inserción, que o 66,7% dos egresados se atopan, aos 4 anos de obter o título de Grao, no do seu grupo de cotización (enquisa SIU), e que un 93,75% dos enquisados responden que volverían cursar os mesmos estudos na USC (enquisa ACSUG). En xeral, xunto con estes datos estatísticos, a CT ten en conta a boa valoración dos estudantes por parte dos titores profesionais do Prácticum como un indicativo da adecuación do perfil de egreso na fase final dos estudos de Grao.

En canto á valoración de en que medida os egresados acadan **os resultados de aprendizaxe previstos para a titulación**, a CT analiza principalmente as taxas de éxito e de graduación globais⁶. En 2018-19 acadaron valores do 92,76% e do 76,98% respectivamente, polo que, unha vez máis, estiveron por riba do referente da MVT; cómpre dicir que estiveron, ademais, por riba da media das titulacións de grao en Ciencias da Saúde da USC e da media xeral da USC⁷.

Para esta análise a CT tamén ten en conta os resultados acadados polo estudiantado nas materias Prácticum e TFG, por canto son materias de finalización da carreira que requiren, para un bo desempeño, o conxunto das competencias do programa formativo; de novo en 2018-19 as cualificacións nestas materias foron satisfactorias, cunha elevada porcentaxe de notables e sobresaíntes⁸.

Por último, no que se refire á análise de **satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese en relación coa titulación**, a CT conta cos resultados das enquisas aplicadas aos egresados⁹; as taxas de participación son moi baixas, polo que os resultados teñen que

³ Documento 2500462_E5_Actas_CT_2018-2019

⁴ Documento 2500462_Informe_seguim_CT_2018-19

⁵ Documentos 2500462_EIL-SIU_2018-2019 e 2500462_EIL-ACSUG_2018-2019

⁶ Indicadores IN35 e IN37 en documento 2500462_P.Ind_2018_19

⁷ Documento 5064_Panel_medias_Grao_Mast_2018-2019

⁸ Documento 2500462_INF.15_2018-2019

⁹ Documento 2500462_INF.09_2018-2019

considerarse con cautela, pero en todo caso, en 2018-19 presentaron puntuacións razoablemente satisfactorias na pregunta relativa á medida en que a formación recibida na titulación cumpriu as súas expectativas, así como nas preguntas relativa á adquisición de diversas competencias. As queixas e incidencias tamén son relevantes para detectar aspectos que precisen axustes no desenvolvemento dos programas formativos; neste sentido non se recibiron no Centro, nin noutras instancias, queixas, reclamacións ou incidencias que afectaran ao desenvolvemento do programa formativo de Grao en Psicoloxía¹⁰.

2.2.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

O MUPXS desenvolveuse con plena normalidade durante o curso 2018-19, e a CT realizou, unha vez rematado o curso, a análise de seguimento do mesmo, plasmada no informe aprobado, pola CT no mes de abril de 2020¹¹.

No tocante ao **cumprimento do incluído na MVT**, o programa formativo desenvolveuse de acordo co fixado nese documento, sen alteracións respecto do momento da súa reacreditación, no curso previo. Nese curso levouse a cabo, respecto da MVT, unha acción de mellora proposta no seguimento anterior (AM_C-5, vinculada ao OC-11), dirixida a equilibrar mellor o reparto da carga académica; para iso tramitouse unha **modificación non substancial da MVT**, consistente no cambio de semestre dunha materia obrigatoria, a P2151104 (para facelo sen alterar o equilibrio estrutural de créditos fíxose por intercambio cunha materia optativa P2151213) para equilibrar mellor o reparto de carga académica. Fíxose o trámite cando o calendario de procesos de planificación académica o permitiu, para a súa entrada en vigor no curso seguinte.

Non se detectou ningunha incidencia respecto do **cumprimento dos programas das materias**, que se realizou conforme ao que foi aprobado e figura publicado [na páxina web](#) institucional da Facultade, que está axustado á MVT ou modificacións non substanciais da mesma de cursos previos. Os programas foron revisados a raíz dunha acción de mellora programada para ese ano (AM_C-4, vinculada ao OC-10) para asegurar a inclusión en todos eles de maior especificación dalgunhas informacións; en particular á consideración de 'non presentado' no apartado de avaliación e á asignación horaria entre sesións teóricas e prácticas.

En relación aos **procedementos de coordinación** continuouse coa sistemática de reunións periódicas con estudantes e docentes para seguir o curso e detectar problemas que puideran afectar á coordinación entre materias. Salientar que, co fin de mellorar a coordinación dos distintos aspectos do máster, acordouse nomear unha persoa coordinadora para os Traballo de fin de máster e unha persoa coordinadora de Prácticum, que asistan ao coordinador de título nestas tarefas.

Na análise da **adecuación dos perfís de ingreso e de egreso**, a CT revisa anualmente os datos dispoñibles ao respecto. En canto ao perfil de ingreso, a demanda segue a ser moi elevada: 308 solicitudes (47% mais que o ano anterior) para as 33 prazas ofertadas, cunha cobertura do 87,88% (como en anos anteriores, cubriuse o 100% das prazas ao inicio, e se produciron 4 renuncias ao pouco de iniciarse, cando xa estaba pechada a listaxe de agarda) e unha nota media de acceso de 7,85; este perfil avala a boa preparación básica dos estudantes que acceden a este máster. En canto á procedencia, o 46,97% dos estudantes proceden doutras universidades españolas distintas da USC, e o 1,52% de sistemas alleos ao EEES¹².

Respecto do perfil de egreso, non se dispón de datos de empregabilidade dos egresados nin procedente do SIIU nin dos estudos de inserción realizados pola ACSUG; os datos máis recentes

¹⁰ Documentos 5064_INF-P-FAC-01_2018-2019, Memoria OAR 2018-2019

¹¹ Documento 4314881_Informe_seguim_CT_2018-19

¹² Indicadores IN06, IN07, IN08 en documento 4314881_P.Ind_2018_19

dispoñibles, correspondentes a unha enquisa propia realizada pola CT en 2016-17, foron analizados en informes de seguimento anteriores.

No relativo á **consecución dos resultados de aprendizaxe previstos**, as taxas indicativas destes resultados seguiron a ser satisfactorios, cunha taxa de graduación do 87,5% e unha taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) do 100%, igual que a súa taxa de éxito; xunto cunha duración media dos estudos de 2 cursos e unha taxa de abandono de 0%¹³. As cualificacións das materias Prácticum I, Prácticum II e TFM, que engloban as competencias proporcionadas polo resto do programa formativo, son elevadas (non contorno do 85% de sobresalientes no Prácticum, 59% no TFM)¹⁴, polo que tamén se consideran como un indicador positivo da consecución dos resultados de aprendizaxe previstos.

Por último, en referencia á **análise de satisfacción, necesidades, expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese en relación coa titulación** a CT revisou esencialmente as enquisas (xerais da USC e propias da CT): o grao de satisfacción dos egresados coa titulación (3,6/5, aínda que a taxa de participación é moi baixa), a boa valoración dos titores profesionais de Prácticum sobre as competencias dos estudantes (por riba de 9 sobre 10), a satisfacción destes titores coas prácticas (3,85 sobre 5), e a satisfacción do profesorado coa titulación (3,4 sobre 5) indican uns niveis de satisfacción aceptables¹⁵. Por outra banda, a ausencia de reclamacións, queixas ou incidencias relevantes sobre o desenvolvemento do programa formativo¹⁶ fai concluír que está respondendo razoablemente ás necesidades dos/as estudantes.

2.2.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.

O MUPXer é un título interuniversitario que se imparte en catro universidades, coordinado pola USC. A CT interuniversitaria analiza anualmente o seu desenvolvemento, recollido, para 2018-19, no informe aprobado en marzo de 2020¹⁷.

A CT interuniversitaria é a que garante e analiza o desenvolvemento do programa formativo e o **cumprimento da MVT**. Tras o proceso de avaliación externa para a acreditación (conseguida no curso 2017-18), fíxose unha revisión dos **programas das materias** en todas as universidades¹⁸, que agora aparecen máis homoxéneos e tamén máis fieis ás fichas da MVT. En todas as materias aparecen as competencias, os obxectivos de aprendizaxe e os contidos consignados na MVT, aínda que cada universidade pode incluír ou especificar subapartados de contidos. En canto a avaliación, en todos os programas se incluíron as ponderacións máximas e mínimas que figuran na memoria e a fórmula: “exame ou traballo individual ou en grupo”; se a memoria non inclúe avaliación de participación en clase e titorías, tampouco se inclúe nos programas das materias.

A CT reúnese periodicamente para exercer a **coordinación** do título, especialmente complexo polas diferenzas estruturais e de funcionamento das catro universidades participantes; durante 2018-19 reuniuse en tres ocasións¹⁹, nas que analizou diversos parámetros do desenvolvemento do título:

¹³ Indicadores IN37, IN53, IN35, IN38, IN41 en documento 4314481_P.Ind__2018_19

¹⁴ Documento 4314481_INF.15_2018-2019

¹⁵ Indicadores IN42, IN.MPXS.04a, IN.MPXS.04b, IN20, en documentos 4314481_P.Ind__2018_19 e 4314481_Panel_indicadores_propios; documento 4314481_INF.23_2018-2019

¹⁶ Documentos 5064_INF-P-FAC-01_2018-2019, Memoria OAR 2018-2019

¹⁷ Documento 4314476_Informe_seguim_CT_2018-19

¹⁸ UB, [USaI](#), [USC](#), [UV](#)

¹⁹ Documento 4314476_E5_Actas_CT_2018-19

En canto á **demanda**, ingresaron un total de 31 estudantes de nova admisión para as tres universidades nas que houbo oferta (12 na UB, 11 na USAL e 8 na UV). O perfil de ingreso estivo axustado ao previsto na MVT (graduados en Psicoloxía), e cunha nota media de acceso superior a 7 (7,84 na UB, 7,52 na USAL ,7,13 na UV)²⁰. O perfil de egreso se evidenciou en 30 TFM defendidos, todos eles aprobados (11 na UB, con nota media de 9,3; 9 na USAL, con nota media de 6,6 e 10 na UV, con nota media de 8,2). As taxas globais de resultados do título tamén foron boas: Taxa de rendemento media do 97,56 % (100 % na UB, 100% na USAL e 92,69 % na UV), taxa de éxito do 100 % (igual nas tres universidades) e taxa de avaliación do 93,16 % (100% na UB, 81,82% na USAL e 96,67% na UV).

Finalmente, sinalar que, no marco do redeseño da oferta de estudos de máster que tivo lugar no curso 2018-19 na Facultade de Psicoloxía, a finais do dito curso se aprobou que este máster, que na USC viña ofertando bienalmente, pase a ofertarse, a partir do curso 2019-20, todos os anos.

2.2.4. Máster Universitario en Psicoloxía: deseño do programa formativo.

No curso 2018-19 a Facultade de Psicoloxía procedeu ao deseño dun novo programa formativo de mestrado. De acordo co procedemento establecido na USC (*PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas*) a iniciativa para a posta en marcha de novas titulacións pode partir dos Centros ou doutras instancias da USC.

Neste caso a iniciativa partiu da Facultade, co obxectivo de cubrir ámbitos formativos especializados no ámbito da Psicoloxía, de interese social e con potencial demanda de estudantes, que non estaban a ser atendidos en Galicia.

Para o deseño do programa seguiuuse o procedemento fixado: tras presentar a declaración de interese e ser aceptada, primeiro pola USC e logo, no procedemento previo establecido a tal efecto, polas instancias autonómicas, se configurou unha comisión redactora que elaborou o programa. Esta comisión estivo presidida pola decana, contou con representación das áreas de coñecemento máis relevantes para a formación que se pretendía deseñar, e contou así mesmo cunha representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en funcións de asesoría externa.

A proposta de máster configurouse con dúas especialidades: Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria, de perfil esencialmente profesionalizante, e Psicoloxía Experimental, de perfil investigador no campo da psicoloxía cognitiva. O deseño fixou un marco que permita, en eventuais futuras modificacións do título, a incorporación doutras especialidades. A proposta foi aprobada pola Xunta de Facultade de Psicoloxía, e tras superar as diversas fases de exposición pública e estudo establecidas (Comisións de Claustro, Consello de Goberno e Consello Social da USC, avaliación externa da ACSUG) foi aprobado, no mes de xuño de 2019, para a súa implantación a partir do curso 2019-20.

2.2.5. Programas en extinción.

Neste mesmo curso 2018-19 a Facultade de Psicoloxía ten un programa formativo en extinción (*Máster universitario en Psicoloxía da educación, desenvolvemento e aprendizaxe, MUPEDA*); a supresión deste título foi acordada polo Consello de Goberno da USC no curso anterior: para 2018-19 suprimíuse da oferta e, con data 19 de decembro de 2018 publicouse no DOG a Orde de revogación da autorización pola Consellería. A razón da supresión da oferta e o posterior acordo de extinción debeuse a que non acadou a demanda que esixe o marco normativo autonómico vixente.

²⁰ Indicadores IN03, IN06 en documento 4314476_P.Ind__2018-19_todas

A USC ten perfectamente determinados os mecanismos e procedementos para a extinción dos plans de estudos, coas debidas garantías para os/as estudantes. Así, "*sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, a USC garantirá a organización de dúas convocatorias (catro oportunidades) de exame nos dous cursos académicos seguintes á data de extinción do título*" (Art. 18.6 do Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC, de 28/07/2017).

Estes mecanismos puxéronse en marcha durante o curso obxecto desta memoria, de modo que as persoas que iniciaran os estudos con anterioridade tiveron a posibilidade de matricularse nas materias pendentes para a súa superación, e non se produciu ningún tipo de incidencia. Matriculáronse 6 persoas no TFM, das cales 5 o superaron e unha renunciou. No curso 2019-20 manterase no segundo ano de extinción.

A extinción deste programa deu lugar a que se propuxera, por parte do departamento ao que estaba máis vinculado, e a través da Xunta de Facultade de Psicoloxía, unha nova titulación dese campo temático que o substituíse, pero esa declaración de interese non prosperou ao non ser aprobada polos órganos da USC.

Por último, sinalar tamén que no marco da reconfiguración da oferta de estudos de mestrados vinculada á Facultade de Psicoloxía, a finais do curso 2018-19 se procedeu a solicitar a retirada da oferta e o inicio do proceso de extinción, a partir do curso 2019-20, do *Máster interuniversitario en Estudos avanzados na linguaxe, a comunicación e as súas patoloxías*, (MUEALCP) coordinado pola Universidade da Coruña e no que a USC viña participando desde a súa orixe. A supresión deste título débese, primordialmente, ás dificultades para manter os recursos humanos necesarios para a súa impartición (en número e, particularmente, especialización docente/investigadora).

2.3. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.

Estándar: O centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (accións de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe).
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados de aprendizaxe das materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Os procedementos que rexen o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no SGC, particularmente nos cinco procesos chave (*PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*), e a través deles procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

A USC establece o marco normativo que regula a vida académica dos e das estudantes, desde a admisión até o momento da obtención do título. Este marco normativo está conformado principalmente polas normativas, regulamentos e instrucións que aproba o Consello de Goberno da Universidade, e que nalgúns casos se concreta, para cada centro o titulación, en normas máis específicas.

As principais normativas poden consultarse nos enderezos web:

<http://www.usc.gal/gl/normativa/estudantes/index.html>

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html

Entre elas pódense sinalar as seguintes como as máis relevantes para regular o marco administrativo no que se desenvolven os procesos de ensino/aprendizaxe:

- [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC \(aprobada en Consello de Goberno \[CG\] de 28/07/2017\)](#). Establece, entre outras cuestións, cal son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en créditos; tipos de materias, ou modalidades de ensino.
- [Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC](#) (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012), xunto coas instrucións da Secretaría Xeral que a interpretan e as Resolucións reitorais e Acordos do CG que a modifican (14/06/2012; 20/07/2012; 30/05/2013; 03/11/2014; 12/11/2024; 08/05/2015;

10/03/2016). Fixa os principios para a progresión nos estudos (número de créditos máximo matriculables, condicións para a matrícula e superación do TFG/TFM, etc.) e o límite de convocatorias. En relación con ela tamén está a Resolución reitoral relativa á convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES ([CG 24/09/2013](#)) e a súa modificación ([CG 08/10/2015](#)).

- [Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos](#) (CG 14/03/2008). Fixa os criterios, a unidade de recoñecemento, o sistema de recoñecemento e o modo de transferencia ao expediente do alumnado.
- [Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster](#) (RR 15/04/2011), coas modificacións, ampliacións e instrucións aclaratorias posteriores (as máis relevantes, o acordo do CG de 05/07/2016, e a súa modificación de 12/05/2018). Establece os procedementos para facer constar, nos expedientes do alumnado, a acreditación de competencias de carácter transversal, por experiencia profesional e outras e, no seu caso, o seu cómputo en créditos.
- *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións* (aprobada en [CG 15/06/2011](#), modificada en [CG de 05/04/2017](#)), que establece as garantías do estudantado respecto dos procedementos de avaliación.
- [Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster](#) (acordo CG 10/03/2016). Este regulamento, que establece as normas e procedementos académicos e administrativos en relación cos TFG e TFM, establece que cada Centro deberá elaborar a normativa propia para os seus títulos. Así, a Facultade de Psicoloxía ten aprobadas as seguintes:
 - [Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de fin de Grao da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela](#) (CG de 10/07/2018)
 - [Normativa de Traballos de fin de Máster da titulación de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria](#) (CG 19/07/2018).
- [Normativa sobre de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES](#) (CG 25/03/2010) e instrución da Secretaría Xeral sobre dispensa en determinadas circunstancias (27/04/2017). Desta normativa xeral derívanse dous desenvolvementos na Facultade de Psicoloxía, relativos ambos aos estudos de Grao.
 - [Normativa para a Dispensa de Asistencia a Clase do Grao de Psicoloxía da USC](#) (Xunta de Facultade 27/11/2012, modificada en Xunta de Facultade 18/12/2017)
 - [Normativa para o cambio de grupo da Facultade de Psicoloxía da USC](#) (Xunta de Facultade, 22/07/2013)
- [Regulamento de prácticas académicas externas](#) (CG 29/07/2015), que establece as condicións básicas para as prácticas preprofesionais a realizar en entidades, empresas ou institucións alleas á USC. En relación con esta normativa, na Facultade de Psicoloxía cóntase co:
 - [Regulamento do Prácticum do Grao en Psicoloxía Universidade de Santiago de Compostela](#) (Xunta de Facultade, 20/07/2012)
- [Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC](#) (CG 26/10/2012 e modificacións posteriores, a máis recente de 18/07/2019) e, en relación con este, a [Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio](#) (CG 03/03/2017 e a modificación posterior de 24/05/2018)

- [Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral](#) (CG 23/03/2011)

Este marco normativo regula con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos.

As CT en primeira instancia, e a CCC en segunda, analizan anualmente o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación. A continuación se sintetizan as conclusións destas análises para cada un dos títulos, recollidas máis extensamente nos informes elaborados por cada unha das CT.

2.3.1. Grao en Psicoloxía.

No tocante aos **procesos de admisión e ás accións de captación de alumnado**, o Grao en Psicoloxía réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. As posibilidades da Facultade á hora de determinar criterios de admisión limítanse á súa capacidade de propoñer os baremos de ponderación nas probas de acceso (ABAU) no marco do Sistema Universitario Galego (SUG). Neste sentido, en 2018-19 solicitouse á Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) un axuste desta ponderación (AM_C-6, vinculada ao obxectivo de calidade OC-5), que foi aprobado e que entrará en vigor parcialmente no acceso ao curso 2019-20 e plenamente no 2020-21.

A Facultade de Psicoloxía da USC é o único centro que imparte esta titulación en Galicia, e focaliza neste territorio a captación de estudantes. Para isto mantén a participación no programa “A Ponte” da USC, co obxectivo de captar aos mellores estudantes de secundaria e de intentar que os/as novos/as alumnos cheguen ao Grao coa mellor orientación previa posible. Nese curso impartíronse en concreto cinco charlas, cunha media de 105 asistentes en cada unha, e unha visita por invitación a un Instituto de Educación Secundaria.

Respecto da **orientación académica e profesional**, as accións dirixidas aos estudantes do Grao encádranse no [plan de acción tutorial \(PAT\)](#) que se pode consultar na web da Facultade. A efectividade e resultados da xornada de acollida, os cursos de ferramentas informacionais organizados conxuntamente coa Biblioteca, e as charlas/sesións informativas dirixidas a proporcionar orientación sobre mobilidade, Prácticum ou Traballo de fin de Grao son valoradas en detalle no informe de seguimento que realiza a CT.

Máis vinculada á orientación profesional, ademais dos servizos xerais prestados pola Área de Orientación Laboral e Emprego da USC, á que se fai referencia no apdo. 2.5, na Facultade organízanse, para os estudantes de Grao, dúas accións principais: sesións informativas, preto de final de curso, sobre a oferta de formación oficial de posgrao adscrita á Facultade, e un ciclo de charlas sobre o exercicio profesional da Psicoloxía. Avaliadas tamén en maior detalle no informe da CT, cómpre destacar aquí que o ciclo anual de charlas e conferencias sobre o exercicio profesional da Psicoloxía, foi recoñecido para a súa inclusión no Repositorio de boas prácticas da USC, na convocatoria de 2018-19 realizada pola Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica no marco do Plan bianual de melloras da USC.

En xeral, valórase favorablemente o desenvolvemento do PAT, e os indicadores de satisfacción, publicados no sitio web de calidade, así o indican²¹: 4,15 sobre 5 para a xornada de acollida; 7,7 sobre 10 para o curso de iniciación aos recursos da biblioteca; 4,2 sobre 5 para o ciclo de charlas

²¹ Indicadores IN.GPS.01, IN.GPS.02, IN.GPS.09 E IN.GPS.05, no documento 2500462_Panel_indicadores_Grao_Ps_propios

profesionais e máis baixo, 3,2, para o curso de Ética e deontoloxía, onde, sen embargo, valoraron moi positivamente (4,5) a dispoñibilidade dos profesionais externos que o imparten²².

Sinalar unicamente que a CT e a CCC botan en falta contar con información sobre satisfacción dos destinatarios no segundo dos cursos de recursos de biblioteca. Por este motivo propónse como acción de mellora, vinculada ao obxectivo de calidade de contar con información sobre a satisfacción dos grupos de interese, obter índices de satisfacción deste curso.

OC-4. Contar con información sobre a satisfacción dos grupos de interese.

AM_C-4. Obter índices de satisfacción asociados ao curso de recursos de biblioteca e competencias informacionais para os/as estudantes de TFG do Grao en Psicoloxía.

En relación coa **mobilidade de estudantes**, a taxa de alumnos/as que chegan ao Grao en Psicoloxía continuou incrementándose (desde 2016-17 a 2018-19: 8,16 % - 9,85 %; 10,84 %) ²³. Debido a este constante incremento, a CT propuxo como acción de mellora para o curso 2019-20, un límite no número de prazas de alumnado entrante ao abeiro do programa de convenio bilateral, por canto o seu elevado número, o seu desigual impacto entre materias, e a imposibilidade de telo previsto cando se fai a planificación académica do curso, estaba a causar importantes problemas para o desenvolvemento da docencia, particularmente nas sesións interactivas.

OC-5. Axuste no número de estudantes recibidos no Grao por mobilidade entrante.

AM_C-5. Establecer un límite de prazas de mobilidade entrante no Grao en Psicoloxía .

A satisfacción coa mobilidade entrante fora motivo de preocupación no curso anterior, dando lugar a unha acción de mellora (AM_C-10, vinculada ao obxectivo de calidade OC-12) para mellorar a integración destes estudantes, que era un aspecto cunha valoración moi baixa na enquisa de satisfacción. En 2018-19, se ben aínda por debaixo do 3,12 de media da USC, obtívose un 3 sobre 5, que supuxo máis de un punto de incremento sobre a do ano anterior²⁴.

En canto á mobilidade saínte, leváronse a cabo distintas actividades para facilitar o acceso á información sobre os programas de mobilidade (no marco da AM_C-11, OC-9). Na enquisa de satisfacción, cunha taxa de participación do 24% a satisfacción global foi de 3,7 sobre 5²⁵.

En referencia ás **metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe**, a coordinación entre áreas, departamentos e a CT do Grao en Psicoloxía posibilitou a análise e a aprobación de axustes na porcentaxe das distintas actividades suxeitas a avaliación nas distintas materias do Grao (exames, avaliacións formativas, traballos en grupo, asistencia e avaliación continua...). Os informes das reunións por cursos co alumnado indican que este considera que se está a cumprir o obxectivo das sesións interactivas de fomentar unha mellor asimilación do contido das materias, e sinalan estar satisfeitos coas mesmas.

En canto á satisfacción dos/das estudantes coa docencia recibida cabe subliñar o incremento da participación sinalado no apdo. 2.1. nas enquisas de valoración de cada docente/materia. A puntuación media foi elevada (ítem de satisfacción global co profesor/a, 4,13; media dos 16 ítems da nova enquisa, 4,18). Pola súa parte, o profesorado valora cun 4,29 a satisfacción coa docencia impartida²⁶.

²² Documento 2500462_INF-P-GPS-05_2018_19_curso_deontol_informe

²³ Indicador IN18, en documento 2500462_P.Ind__2018_19

²⁴ Documento 5064_INF.05_2018-2019

²⁵ Documento 2500462_INF.04_2018-2019

²⁶ Documentos 2500462_INF.13_2018-2019 e 2500462_INF.14_2018-2019

As enquisas dirixidas aos egresados²⁷ tamén conteñen ítems relativos á metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe; dos seus resultados, e a pesar da cautela xa sinalada no apdo. 2.2. pola baixa taxa de participación, a CT deulle importancia ás valoracións insatisfactorias (inferiores á media da universidade) en relación coa distribución da carga de traballo, calendario de exames, equilibrio entre contidos teóricos e prácticos; se ben este resultado se contradí coa valoración que aportan os estudantes nas reunións semestrais, a CT considerou apropiado telas en conta para incidir de modo máis directo sobre os restantes aspectos nas reunións de seguimento dos cursos cos estudantes e, de modo inmediato, para propoñer unha acción de mellora relativa á distribución de exames (ver máis abaixo).

Da detección de necesidades específicas ou adaptacións curriculares encárgase o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), que comunica ao profesorado as demandas formuladas polos/as estudantes neste sentido. As reunións dos/as coordinadores/as de curso co profesorado serven, así mesmo, para informar ao resto de profesores/as da existencia de estudantes que poidan requirir adaptacións específicas.

Outras necesidades específicas, crecentes nos últimos anos, é de deportistas de alto nivel. Para favorecer a coordinación das adaptacións necesarias nestes casos, propónse unha acción de mellora que incida neste proceso.

OC-6. Manter unha adecuada atención ao alumnado con necesidades específicas.

AM_C-6. Nomear os/as coordinadores/as de curso como titores/as académicos/as do estudantado deportista de alto nivel que se atopen en cada curso.

As **prácticas externas**, que son obrigatorias e se organizan na materia Prácticum, de 12 créditos, desenvólvense no marco normativo do Regulamento de Prácticas Externas da USC e amparadas en convenios con máis de 200 dispositivos (empresas, administracións, entidades sociais e sanitarias) distribuídos por toda Galicia. O seu satisfactorio desenvolvemento reflíctese nos resultados (un 84% dos estudantes obtiveron cualificación de sobresaliente) e nos indicadores de satisfacción (o estudantado, cunha taxa de participación do 92% nas enquisas propias, as valora con 4,5 sobre 5; os titores profesionais cun 4,6 e os titores académicos cun 4,7). Respecto da organización, en 2018-19 realizouse tamén unha consulta aos estudantes sobre o procedemento para a asignación de prazas, que foi valorado con 4,1 sobre 5; nesta enquisa destacou o ítem referido á 'transparencia e obxectividade do procedemento de asignación, que obtivo un 4,6²⁸.

En canto aos procedementos para a xestión e organización dos **traballos de fin de grao**, en 2018-19 entrou en vigor o novo regulamento do TFG, con cambios no sistema de asignación, que pasou a ser *on line*, e no sistema de avaliación, que permite dúas posibilidades de defensa: ante tribunal ou ante titor/a. A implantación do novo regulamento non deu lugar a incidencias relevantes. O proceso (publicación da oferta, asignación de titores/temas, inscrición, defensa, cualificación) desenvolveuse sen incidencias e sempre nos prazos previstos no calendario.

As enquisas de avaliación indican unha boa valoración do alumnado do proceso de supervisión, con índices superiores a 4 (sobre 5) en tódolos ítems, similar ao curso anterior cunha mellora de 0,3 puntos no ítem referido á avaliación. Tamén os titores elevan en 0,2 puntos a súa valoración

²⁷ Documento 2500462_INF.09_2018-2019

²⁸ Documentos 2500462_INF.15_2018-2019, 2500462_INF-P-GPS-04_2018_19_practicum_grao_informe, e 2500462_INF-P-GPS-08_2018_19_practicum_asignacion_informe; indicadores IN20 e IN21 en documento 2500462_P.Ind__2018_19

deste ítem, e tamén aumenta, tanto para estudantes (7,9 sobre 10) como para docentes (7,6 sobre 10), a satisfacción global co proceso²⁹.

A CT, non obstante, considera importante por en marcha mecanismos que fomenten a participación do estudantado avaliado por titor/a nas enquisas sobre o TFG, xa que detectou que o número de enquisas foi moi reducido nestes casos, para o que propón unha acción de mellora.

OC-7. Elevar a porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción.

AM_C-7. Diseñar e executar iniciativas que fomenten a participación de estudantado avaliado por titor/a no TFG nas enquisas de satisfacción co mesmo.

No tocante aos **resultados de aprendizaxe das materias do título**, a análise da CT do Grao aprecia mellora respecto de anos anteriores: en 42 de 50 materias (84 %), máis da metade dos estudantes obtiveron cualificacións de notable ou superiores. Ademais, o 90 % as materias do Grao tivo unha taxa de éxito superior ao 90 %. Estes datos, xunto cos xa sinalados dos resultados de aprendizaxe nas materias TFG e Prácticum, permiten afirmar que o alumnado do Grao en Psicoloxía da USC adquire favorablemente as competencias previstas na MVT³⁰.

En 2018-19, a CT levou a cabo unha acción de mellora (AM_C-12) derivada do seguimento do curso anterior, para detectar posibles cambios no desenvolvemento das materias que puideran dar conta de variacións relevantes na distribución de cualificacións nalgunhas materias. Dela conclúese que un factor que pode afectar negativamente aos resultados é o orde no que se celebran as probas de avaliación final; os egresados, como se sinalou arriba, tamén valoran insatisfactoriamente este aspecto. Por tanto, a CT propón unha acción de mellora para corrixir esta cuestión, que se realizaría en 2019-20 para ter efecto en 2020-21.

OC-8. Lograr maior equilibrio na distribución das probas de avaliación final do Grao en Psicoloxía.

AM_C-8. Ordenar as datas de exames, na planificación académica para o curso 2020-21 alternando na medida do posible exames de materias en función do peso do exame final na avaliación.

Para finalizar, en canto aos indicadores de **satisfacción, queixas e suxestións** relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe, fóronse comentando os resultados nos epígrafes precedentes.

Como se puido apreciar da súa lectura, cóntase con indicadores de satisfacción, vía enquisas, de todos os procesos relevantes, e se realizan accións ao respecto, sexa para cubrir ámbitos dos que non se ten información (caso do curso de recursos de biblioteca para os estudantes de TFG) ou para mellorar a participación (AM_C-4 e AM_C-7).

Ademais, segue a considerarse que as reunións semestrais co alumnado e o profesorado de cada curso son o instrumento máis eficaz para detectar oportunidades de mellora nun proceso de ensino/aprendizaxe que debe estar centrado no alumnado.

Por último, en canto a queixas ou reclamacións formais, as dúas únicas das que se ten constancia, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (pois no rexistro da Facultade non entrou ningunha) afectaron a aspectos administrativos relativos á matriculación e tamén a un expediente de validación parcial de estudos estranxeiros; ambas foron estimadas (total ou

²⁹ Documentos 2500462_INF-P-GPS-06_2018_19_TFG_enquisas_estudantes e 2500462_INF-P-GPS-07_2018_19_TFG_enquisas_docentes

³⁰ Documentos 2500462_INF.15_2018-2019, 2500462_INF.17_2018-2019

parcialmente) polo que se estima que os mecanismos para corrixir deficiencias que se poidan identificar nestes procesos están a funcionar adecuadamente³¹.

2.3.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

A avaliación da vixencia e efectividade dos procedementos para garantir a aprendizaxe, ensino e avaliación centradas no alumnado no caso do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria realízase en detalle a CT, e queda reflectida nun informe que eleva á CCC. Destácanse aquí os elementos máis relevantes dese informe para os efectos desta memoria.

Respecto da **admisión de estudantes**, conforme ao que fixan a regulamentación do máster e a MVT, todos os estudantes admitidos proceden dun Grao/Licenciatura en Psicoloxía con polo menos 90 créditos de carácter especificamente sanitarios. Debido ao grande interese que suscita esta titulación, o coordinador recibe constantes preguntas de persoas interesadas por estes estudos, a quen responde e remite ás páxinas web da USC ou do propio máster onde poden consultar a información solicitada. A alta taxa de demanda e o adecuado axuste do perfil de acceso, fan innecesarias accións específicas de captación, que se limitan á participación nas charlas informativas que organiza a Facultade de Psicoloxía para os/as estudantes de Grao e, de ser o caso, calquera outra actividade informativa a demanda de terceiros.

No relativo á **orientación académica e profesional**, alén dos servizos xerais da USC que se recollen no apdo. 2.5, a CT organiza, o día que se inicia o curso, unha reunión de acollida na que se proporciona información sobre a organización docente, recursos, horarios, características xerais das materias, centros dispoñibles para a realización das prácticas externas ou procedementos de asignación de dispositivos de prácticas e de títulos, e da información dispoñible na web.

Ao longo do curso, vaise informando doutros aspectos (convocatorias de bolsas, período de cambio de matrícula das materias optativas, prazos de publicación e revisión de cualificacións, períodos de cobertura de enquisas de satisfacción, etc.), e se realizan reunións previas á asignación dos centros de prácticas para informar da oferta de prazas, e resolver dúbidas acerca das características dos dispositivos ou do procedemento de asignación. Do mesmo xeito, antes de finalizar o segundo semestre lémbrense os aspectos fundamentais do desenvolvemento e procedemento dos TFM. Cómpre sinalar que toda esta información de orientación académica está dispoñible de modo permanente na web do máster.

Para a orientación de perfil máis profesional, convídase a diferentes profesionais, no marco das clases de diversas materias, a impartir charlas sobre ámbitos de actuación de interese para o psicólogo xeral sanitario; ademais, cóntase co ciclo de conferencias sobre o exercicio profesional da Psicoloxía que organiza a Facultade.

En canto á **mobilidade**, non se está a producir mobilidade entrante nin saínte. O Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria ten unha estrutura e contidos regulados, que dificulta moito atopar estudos semellantes fora de España e tamén a flexibilidade necesaria para levar a cabo a mobilidade dentro de España e que os estudantes podan obter o título nos 3 semestres previstos. Non obstante, hai que ter en conta que case o 50% do alumnado que cursou o máster durante o curso 2018-19 procedía de universidades distintas á USC, polo que mais ben parece que neste nivel de estudos a 'mobilidade' se realiza pola vía de matricularse nunha universidade diferente a aquela na que se cursou o grao.

Respecto da **metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe**, os programas das materias, dispoñibles na web da USC, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que configuran cada unha delas. Durante o curso 2018-19 os programas das materias foron revisados

³¹ Documentos 5064_INF-P-FAC-01_2018-2019 e Memoria OAR 2018-2019

e actualizados, nos casos en que foi necesario, prestando especial atención a especificar o reparto horario entre sesións expositivas e prácticas e os criterios para considerar a opción de “non presentado”, de acordo coa acción de mellora planificada para ese curso (AM_C-4, vinculada ao obxectivo de calidade OC-10).

A adecuación da metodoloxía de ensino e de avaliación parece verse avalada polos indicadores de satisfacción: nas enquisas institucionais da USC, os indicadores de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida seguen a ser elevados, cunha puntuación media de 4,35 (sobre 5) e unha participación do 80%; nas enquisas propias do máster os resultados foron similares, cun 4 para as materias obrigatoria e un 4,6 para as optativas. A satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén é equiparable á obtida en anos anteriores, alcanzando unha puntuación de 4,6³².

No tocante ás **prácticas externas**, segue a parecer importante destacar a coordinación cos titores externos do Prácticum das distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) que realizan os profesionais que ocupan as prazas de Profesorado asociado de Ciencias da Saúde (PACS). Pola súa parte, desde a coordinación do Título e a coordinación do Prácticum contáctase, antes de publicar a oferta de prácticas, con todos os titores profesionais (SERGAS, centros privados e asociacións) para concretar a dispoñibilidade de prazas. Esta coordinación no proceso de oferta de prazas e asignación permitiu que nestes anos non se produciran incidencias destacables que afectasen ao desenvolvemento das prácticas. Unha vez iniciadas as prácticas, os titores académicos manteñen un contacto continuado tanto cos correspondentes titores profesionais como co alumnado, para supervisar que as prácticas se desenvolven axeitadamente. En 2018 contouse con 56 centros/dispositivos, públicos e privados onde realizar as prácticas, que cumpren cos requisitos establecidos nas directrices propias do título e que permiten facer unha ampla oferta para a formación práctica supervisada dos estudantes.

Do punto de vista dos procedementos, leváronse a cabo certas actuacións dirixidas a mellorar o seu funcionamento e xestión: no procedemento de asignación mellorouse a información sobre o procedemento de cálculo da nota media e se detallou especificamente na páxina web do Máster. Tamén se traballou sobre un documento no que se recollen as funcións específicas dos titores académicos do Prácticum, establecendo a obrigatoriedade de manter unha reunión cos alumnos antes de acudir aos centros. Por último se elaborou un certificado para cada estudante cos datos de destino e datas de realización das prácticas

A valoración dos estudantes nas enquisas propias do máster respecto da súa satisfacción coas prácticas reflicte esta boa coordinación, pois acadan 4,6 puntos para o Prácticum I e de 4,0 para o Prácticum II; os egresados tamén valoran moi ben as prácticas externas (4,3 fronte ao 3,7 de media da USC), se ben sempre hai que ter en conta que a taxa de resposta ás enquisas deste colectivo é sempre baixa (22 % neste caso). Tamén os titores externos valoraron positivamente (9,2/9,3 sobre 10) a adquisición de competencias polos estudantes, e valoraron a súa satisfacción co Prácticum, na enquisa institucional, cun 3,85 sobre 5; os titores académicos valorárono nun 4,75 sobre 5³³.

O **Traballo de fin de máster** foi obxecto, en 2018-19, de diversas melloras nos procedementos, para unha mellor garantía de aprendizaxe: introduciuse o procedemento telemático para a presentación dos TFM por parte do estudiantado a través da súa secretaría virtual e, para afrontar problemas que viñan xurdindo cando algún membro titular do tribunal destes traballos se poñía de baixa e non podía participar, se estableceu unha lista de agarda de suplencias.

³² Indicadores IN46, IN47 e IN48, en documento 4314481_P.Ind__2018_19 e IN.MPXS.01a e IN.MPXS.01b, en documento 4314481_Panel_indicadores_MUPXS_propios

³³ Indicadores IN.MPXS.02a, IN.MPXS.02b, IN.MPXS.04a e IN.MPXS.04b en documento 4314481_Panel_indicadores_MUPXS_propios; IN20 e IN21 en documento 4314481_P.Ind__2018_19

A satisfacción dos estudantes co proceso do TFM, segundo as enquisas propias do Máster, segue a ser elevada, de 4,3 sobre 5. Informan dunha boa valoración do proceso de supervisión, con valores superiores a 4 en todos os ítems. Cabe destacar que o ítem que fai referencia ao proceso de avaliación superou o valor do ano anterior (4,3), tal e como se esperaba dada a modificación do procedemento de avaliación aprobado no novo regulamento de TFM³⁴.

No relativo aos **resultados da aprendizaxe das materias do título**, as cualificacións obtidas nas materias obrigatorias e optativas no curso 2018-19 son moi satisfactorias e indicativas de que os procesos de ensino/aprendizaxe contribúen a favorecer a aprendizaxe do alumnado. As taxas de avaliación, éxito e rendemento foron do 100 % para todas as materias ordinarias (só o TFM, no que se produciron algunhas renuncias, baixou deste valor) e as cualificacións foron iguais ou superiores ao notable no 92% dos casos. Igualmente, as excelentes cualificacións nas practicas externas (Prácticum I e II) e no TFM indican un elevado grao de adquisición das competencias do título e a súa adecuada correspondencia coas requiridas para o exercicio profesional, un aspecto de particular relevancia nun máster profesionalizante³⁵.

Por último, en canto a indicadores de **satisfacción, queixas e suxestións**, indicar que os datos de satisfacción, aos que se foi facendo mención ao tratar os distintos epígrafes deste e doutros apartados da memoria, son, en xeral, bastante satisfactorios. Cómpre destacar a utilidade, para a CCC, do esforzo realizado pola CT na aplicación de cuestionarios propios que permiten indagar en algúns aspectos non contemplados nas enquisas institucionais e que, ademais, engaden o valor de lograr taxas máis elevadas de participación. Rematar indicando que no curso obxecto desta memoria non se consignaron queixas nin reclamacións asociadas a esta titulación en ningunha instancia (nin na Facultade nin na Oficina de Análise de Reclamacións da USC)³⁶.

2.3.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.

No Máster en Psicoxerontoloxía, a CT interuniversitaria, conformada polos coordinadores do máster en todas as universidades, é quen analiza a adecuación dos procesos de aprendizaxe, ensino e avaliación do título nun informe que traslada á CCC da Facultade de Psicoloxía da USC e que se recolle aquí:

Admisión do alumnado e accións de captación. Todos os alumnos admitidos en todas as universidades participantes son graduados ou licenciados en Psicoloxía, tal como se indica nos requisitos de acceso na memoria do título. Como actividade de captación, os coordinadores en todas as universidades realizaron reunións co alumnado de cuarto curso de Psicoloxía para informar sobre o máster.

Orientación académica e profesional. En todas as universidades participantes desenvólvense mecanismos de apoio e orientación os estudantes:

1) Durante o período de preinscrición e inscrición: (a) Os/as coordinadores/as responden de forma individualizada a todas as solicitudes e preguntas sobre o proceso de preinscrición e inscrición; proporcionan información oral, escrita e dispoñible nas webs acerca de horarios, contidos, metodoloxía docente, profesorado, ámbitos de aplicación, centros de prácticas externas e continuidade formativa do máster con estudos de doutoramento. (b) O persoal das unidades administrativas (departamento, facultade, unidades de orientación e matrícula) proporcionan información sobre o proceso de inscrición e matrícula.

³⁴ Documento 4314481_INF-P-MPXS-03_2018_19_Satisfac_estud_TFM

³⁵ Documentos 4314481_INF19_2018-2019, 4314481_INF17_2018-2019, 4314481_INF18_2018-2019 e 4314481_INF15_2018-2019

³⁶ Documentos 5064_INF-P-FAC-01_2018-2019 e Memoria OAR 2018-2019

2) Programa de acollida, consistente nunha reunión xeral cos estudantes con asistencia do/da coordinador/a para informar sobre programa, calendario, sistema de titorías, plan de mobilidade interuniversitario, prácticas externas e servizos dispoñibles nas facultades .

3) Plan de acción tutorial: cada estudante ten asignado un/unha titor/a para orientación no seu traballo fin de máster, plan de prácticas e orientación no currículo formativo, adquisición de competencias e resultados de aprendizaxe, continuación de estudos no doutoramento; os/as titores/as académicos titorizarán tamén os TFM.

Metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe. A metodoloxía da ensino está adaptada as necesidades específicas de aprendizaxe de cada materia, como pode comprobarse nos programas e guías docentes das mesmas.

Prácticas externas. As prácticas externas realízanse en centros concertados en todas as universidades que dispoñen de medios persoais e materiais adecuados. A oferta de centros é moi superior ao número de alumnos matriculados, e por tanto poden elixir de acordo coas súas preferencias profesionais e persoais. En todas as universidades se celebraron reunións cos titores profesionais de prácticas, a fin de informar sobre o perfil dos egresados e comentar aspectos relevantes de organización e avaliación. Non se dispón de datos de satisfacción coas prácticas externas en todas as universidades; unicamente a UV indica que a satisfacción dos titores profesionais foi moi alta, 4,15/5. Na USC si se contemplan estas enquisas, pero non foron aplicadas en 2018-19 porque o máster non se ofertou ese curso.

Traballo de fin de Máster. Os TFM son acordados e supervisados cos titores académicos con tempo suficiente para que poidan ser desenvolvidos, e procúrase que teñan relación cos traballos que os estudantes realizan nas prácticas externas.

Resultados de aprendizaxe das materias do título. A CT non analizou os resultados por materias, pero as taxas globais do título, detalladas no apdo. 2.2.3, indican que houbo un bo axuste nos resultados por materias (promedio do 97,56 % para a taxa de rendemento, do 100% para a taxa de éxito e do 93,16% para a taxa de avaliación).

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe. En canto ao grao de satisfacción dos distintos sectores implicados non hai resultados das enquisas en ningunha das universidades para o alumnado e o profesorado; para o PAS a USAL indica unha porcentaxe do 81,80 de 'satisfeitos' ou 'moi satisfeitos' e a UV un 4,31/5 en nivel de satisfacción. En satisfacción dos egresados a UB indica un 4,3/5 e a UV un 3,75/5³⁷. Na USC rexistrouse un recurso, na Oficina de Análise de Reclamacións, en relación con este máster, relativo ao esgotamento de convocatorias; foi desestimado por non ter amparo na normativa de permanencia³⁸.

³⁷ Documento 4314476_P.Ind__2018-19_todas

³⁸ Documentos 5064_INF-P-FAC-01_2018-2019 e Memoria OAR 2018-2019

2.4. Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.

Estándar: O centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que ten que impartir docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica *versus* práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

A garantía e mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos vinculados aos programas formativos (persoal académico e, tamén persoal de administración e servizos de apoio) réxese, na Facultade de Psicoloxía, polo establecido no proceso de soporte *PS-01, Xestión dos recursos humanos*, do Manual de procedementos do SGC. Non obstante, este ámbito non é competencia directa nin principal da Facultade, e está sometida a procesos de nivel superior, que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente o *PI-03, Xestión dos recursos humanos*.

Corresponde á Facultade, no marco das súas competencias, tal e como se recolle no seu SGC, avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta e as condicións en que desenvolve o seu labor. De seguido se presentan os trazos principais dos recursos humanos da Facultade de Psicoloxía neste curso 2018-19, que non difiren substancialmente do recollido na memoria do curso previo.

2.4.1. Persoal académico.

O cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Psicoloxía conta cun bo nivel de **suficiencia e adecuación**, habida conta das necesidades dos programas de estudos previstos nas respectivas memorias de verificación e do número e distribución de estudantes que os cursan. As táboas seguintes, mostran as características do profesorado que participa nestes programas, en función de categoría, titulación e experiencia docente e investigadora.

Datos do profesorado de cada titulación por categoría³⁹:

GRAO PSICOLOXÍA				
PDI-Categoría	Nº prof.	%	Nº horas	%
Catedrático/a de Universidade	13	17,3	1278,5	15,9
Titular de Universidade	47	62,7	5224,4	65,0
Contratado Doutor	10	13,3	816,5	10,2
Asociado de Universidade LOU	1	1,3	36	0,4
Axudante Doutor LOU	2	2,7	447,7	5,6
Contratado Interino	1	1,3	175	2,2
Contratado posdoutoral Xunta	1	1,3	54	0,7
Total profesorado	75	100	8032,1	100
Persoal Investigador en Formación(*)				
Contr. Predoutoral Ministerio	9		500	
Contr. Predoutoral Xunta	7		390	
Total PIF	17		890	

(*) O Persoal Investigador en Formación, PIF ten asignadas horas de docencia en formación, pero non ten responsabilidade docente plena e a súa actividade está supervisada por un PDI

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA			
Categoría	Nº prof	%	% horas
Catedrático/a de Universidade	3	12,5	14,2
Titular de Universidade	15	62,5	61,4
Contratado Doutor	5	20,8	23,9
Profesor Colaborador	1	4,2	0,6
Total	24	100	100

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA (*)			
Categoría profesorado	Nº prof	%	% horas
Catedrático/a de Universidade	2	50,0	50,0
Titular de Universidade	2	50,0	50,0
Total	4	100	100

(*) Só profesorado da USC, onde non se ofertou en 2018-19

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSIC. EDUCATIVA, DESENVOLVEMENTO E APRENDIZAXE (*)			
Categoría profesorado	Nº prof	%	% horas
Titular de Universidade	4	57,1	67,9
Contratado Doutor	2	28,6	21,4
Contratado Interino	1	14,3	10,7
Total	7	100	100

(*) En extinción en 2018-19

A maioría do profesorado que imparte docencia nos programas formativos da Facultade, ten vinculación permanente: 99% no Grao en Psicoloxía (excluído do cómputo o Persoal Investigador en Formación), 99,4% no MUPXS.

³⁹ Documentos 2500462_E15_2018-2019, 4314481_E15_2018-2019, 4314476_E15_2018-2019, 4315196_E15_2018-2019

Experiencia docente e investigadora do profesorado⁴⁰:

A experiencia docente e investigadora, indicada polo recoñecemento de complementos por méritos docentes (quinquenios) e investigadores (sexenios) do profesorado permanente, é tamén un indicador do nivel de cualificación do profesorado responsable dos títulos.

Os cadros seguintes detallan estes indicadores de experiencia docente e investigadora para os títulos obxecto desta Memoria; a información organízase por áreas de coñecemento, o que permite, ademais, visualizar a distribución do profesorado entre ás áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

GRAO EN PSICOLOXÍA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	5	18	27
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	16	45	74
[725] Psicobioloxía	14	37	54
[730] Psicoloxía Básica	13	21	69
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	9	22	41
[740] Psicoloxía Social	7	10	25
[743] Psicol. Organiz., Xurídica Forense e Metodoloxía	11	29	44
Total PDI	75	182	334
Ratio por profesor/a		2,4	4,5

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	3	10	15
[650] Organización de Empresas	1	0	4
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	15	44	68
[725] Psicobioloxía	5	13	22
Total	24	51	84
Ratio por profesor/a		2,1	3,5

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA (*)

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[725] Psicobioloxía	2	8	11
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	2	7	8
Total	4	15	19
Ratio por profesor/a		3,7	4,8

(*) Só profesorado da USC, onde non se ofertou en 2018-19

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSIC. EDUCATIVA, DESENVOLVEMENTO E APRENDIZAXE (*)

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	7	6	25
Total	7	6	25
Ratio por profesor/a		0,8	3,6

(*) En extinción en 2018-19

⁴⁰ Documentos 2500462_E15_2018-2019, 4314481_E15_2018-2019, 4314476_E15_2018-2019, 4315196_E15_2018-2019

Por último, o seguinte cadro compara a porcentaxe de profesorado funcionario, profesorado doutor e profesorado con sexenios coa media da USC e coa media da gran área de coñecemento á que están adscritas as titulacións (Ciencias da Saúde)⁴¹.

COMPARACIÓN DE INDICADORES COA MEDIA DA USC E DE CC. DA SAÚDE

% sobre o PDI total	Graos			Másteres				
	USC	CC Saúde	Psic	USC	CC Saúde	MUP XS	MU PXer	MU PEDA
PDI con sexenios	84,2	89,4	89,8	88,2	92,3	91,3	100	80
PDI doutor	83,6	83,6	98,6	89,3	95,7	100	100	100
PDI funcionario	56,2	56,3	79,7	54,6	68,7	75,0	100	66,6

Segundo coa experiencia investigadora, na base de datos da Vicerreitoría con competencias en investigación están rexistrados 11 grupos de investigación que agrupan a máis de 60 profesores/as dos departamentos adscritos á Facultade de Psicoloxía que imparten docencia nos seus títulos.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DOS DPTOS. ADSCRITOS Á FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Código	Nome	Nº membros PDI Fac. Psicoloxía
GI-1414	Avaliación e tratamento das adiccións, trastornos alimentarios, do estado de ánimo e psicoloxía da saúde	5
GI-1416	Unidade de investigación das condutas de risco e os trastornos no desenvolvemento	6
GI-1420	Problemas sociais: Análise, avaliación e intervención	6
GI-1455	Grupo de investigación en Cognición Humana	5
GI-1456	Comportamento Social e Psicometría Aplicada	7
GI-1462	Imaxe Mental	1
GI-1806	Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva.	10
GI-1807	Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía	11
GI-1842	Procesos cognitivos e conduta	7
GI-1875	Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa	4

Deles, cando menos seis teñen recoñecida externamente a súa consistencia a través das axudas para estruturación e consolidación dos grupos de investigación do organismo de I+D da Xunta de Galicia, ben como grupos de potencial crecemento (4), ben como grupos de referencia competitiva (2).

No relativo á **suficiencia do cadro de profesorado** no Grao en Psicoloxía é adecuada en promedio. A dotación permite unha organización docente cunha media de 88,8 estudantes por grupo de docencia expositiva nas materias obrigatorias moi aproximada ao previsto na MVT, de 80 estudantes por grupo; nas materias optativas a media é de 59,5 estudantes por grupo. No caso da docencia interactiva a media de estudantes por grupo é lixeiramente inferior (22,2) a do curso 2017-2018 (22,6) está próxima aos 20 previstos na MVT⁴², pero cabe sinalar que este dato medio non debe ocultar o feito de que nalgunhas materias se sitúa por riba dos 25 estudantes

⁴¹ Documento 5064_Panel_medias_Grao_Mast_2018-2019

⁴² Documento 5064_Panel_medias_Grao_Mast_2018-2019

por grupo, debido á aínda insuficiente dotación de profesorado en certas áreas de coñecemento.

As *ratios* dos másteres tamén se axustan ao establecido nas MVT; aínda que no MUPXS hai algúns grupos de clases interactivas que superan os 20 estudantes.

En canto á **tipoloxía de profesorado que imparte docencia nos diferentes niveis**, a seguinte táboa amosa, para o Grao en Psicoloxía a asignación de profesorado por cursos (e, separado, nas materias de Prácticum/prácticas externas e TFG)⁴³. Dado que en 1º todas as materias son de formación básica e en 2º e 3º son todas obrigatorias, pódese ver nela que a distribución, por cursos e tipos de materias é equilibrada en canto a categorías; así mesmo, a práctica totalidade do profesorado da titulación -xa que logo, de todas as categorías- ten encargo na titorización de prácticas externas e TFG. No caso dos másteres dáse unha situación similar, con profesorado de todas as categorías con responsabilidade en materias obrigatorias e optativas e titorización de TFM e prácticas externas.

CATEGORÍA DE PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA NOS DISTINTOS NIVEIS DO GRAO EN PSICOLOXÍA					
	CU	TU	CDR	AXUDR	Outros (ASO, Postdocs...).
1º curso	3	19	4	1	-
2º curso	7	16	2	2	1
3º curso	2	13	3	2	1
4º curso	3	11	6	1	1
Prácticum	9	41	8	2	-
TFG	9	41	8	2	-

No tocante á **formación do profesorado e a mobilidade**, a USC conta cun programa estable de Formación e Innovación Docente (PFID), que oferta cursos ao longo do curso académico. A participación do profesorado do Centro nese programa é continuada, se ben con porcentaxes que varían considerablemente de ano a ano; por iso na táboa seguinte se presentan os datos de dous cursos⁴⁴.

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PDI DAS TITULACIÓNS NOS PLANS DE FORMACIÓN

Titulación	2017-18	2018-19
Grao en Psicoloxía	21,6	24,4
MUPXS	23,8	33,3
MUPXer (1)	16,7	40,0
MUPEDA (2)	--	11,1

(1) Só profesorado da USC, onde non se ofertou en 2018-19

(2) En extinción en 2018-19

No curso 2018-19 levouse a cabo unha acción de mellora (AM_C-14, vinculada ao obxectivo de calidade OC-14) dirixida a recoller propostas de cursos de formación de interese, e se ben non foi posible impartilos, si se puxo de manifesto que o PDI ten interese na formación, en aspectos específicos. O feito de que se manteñan unhas taxas de participación na oferta existente case sempre superior ao 20% é representativo deste interese.

⁴³ Documento 2500462_E15_2018-2019

⁴⁴ Documento 5064_I6-I7_2018-2019

A mobilidade e as estadías de investigación son outra vía que o profesorado universitario utiliza para manterse actualizado, principalmente no plano investigador. Na actualidade, a porcentaxe de PDI que realiza este tipo de accións é moi baixa, o cal se atribúe, en boa medida, a que o calendario académico non deixa ningún período significativo libre de actividades lectivas, o que dificulta a súa realización.

En resume, pódese considerar que o persoal académico da Facultade de Psicoloxía é suficiente e adecuado para atender ás necesidades dos títulos, e conta con posibilidades de formación continuada no ámbito docente. Sinalar, non obstante, que o cadro de PDI presenta unha elevada idade media (56 anos, con máis do 30% do profesorado con 60 ou máis anos), e hai un número importante de xubilacións previstas nos próximos anos. Corresponde aos Departamentos, órganos coa responsabilidade neste ámbito, demandar a necesaria renovación do cadro de persoal que, aínda que lentamente, parece empezar a producirse (3 contratos de axudante doutor nos últimos 2 anos).

En canto á **satisfacción, queixas e suxestións do PDI**, o informe de satisfacción deste persoal coa docencia que imparte (único indicador dispoñible de satisfacción co traballo) é bo; para as dúas titulacións para as que se dispón do dato, o Grao en Psicoloxía e o MUPXS, o indicador global supera o 4,3 sobre 5, cunha taxa de resposta superior ao 30%. En canto á satisfacción do PDI que participou en actividades de formación do PFID non se dispón de datos desagregados, pero a valoración media do conxunto do PDI da USC sobre a formación recibida nestes cursos tamén recibe unha valoración superior a 4 en todos os ítems, cunha taxa de resposta do 46%⁴⁵.

No relativo á **dotación de Persoal de Administración e Servizos (PAS)**, a Facultade de Psicoloxía conta cun cadro bastante estable, con 27 persoas en tarefas de servizos e administración⁴⁶. É importante sinalar que, tanto o persoal de biblioteca como o de conserxaría é compartido coa Facultade de Ciencias da Educación e que non se conta con persoal técnico de apoio directo á docencia.

PERSONAL DE APOIO. FACULTADE DE PSICOLOXÍA, 2017-18		
Área	Categoría / Grupo	Nº postos
Administración	Xestión / Grupo A1/A2	1
	Administración / Grupo C1/C2	6
Biblioteca	Axudante de Arquivos, Bibliotecas e Museos / Grupo A1/A2	6
	Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos / Grupo C1	6
Conserxaría	Oficial de servizos / Grupo 4.1	7
	Auxiliar Técnico Informático / Grupo 4.1	1
Total		27

É de destacar, en xeral, a boa disposición do PAS e máis en particular a especial implicación do persoal da Biblioteca do Centro en tarefas de apoio directo aos programas formativos. Este persoal realiza tarefas de formación e asesoramento aos/ás estudantes en relación coa busca e selección de información bibliográfica; ademais, realiza anualmente a revisión da bibliografía recomendada nos programas das materias para asegurar a súa dispoñibilidade, e participa activamente na presentación dos servizos da Biblioteca a potenciais futuros estudantes no marco das xornadas de portas abertas.

En canto á **formación do PAS**, conta, como o PDI, cun Programa de formación estable, e os datos indican unha notable participación do persoal do Centro nas actividades que organiza. Se ben,

⁴⁵ Indicadores IN47, IN28 e IN29 en documentos 2500462_P.Ind__2018_19 e 4314481_P.Ind__2018_19,

⁴⁶ Documento 5064_E16_2018-2019

como ocorre co persoal académico, as porcentaxes de participación teñen unha certa variabilidade ao longo dos anos, determinada pola tipoloxía dos cursos ofertados, en 2018-19 ascendeu a un 70 %, superior ao 55 % do curso anterior⁴⁷.

E, para rematar, no tocante á **satisfacción, queixas e suxestións**, o indicador do que se dispón informa dunha valoración global de satisfacción co traballo de 4,7 sobre 5, superior á media da Universidade (3,8) pero hai que ter en conta a importante variabilidade deste indicador na Facultade ano a ano (3 en 2017-18; 4,2 en 2016-17) e unha participación que estivo no 20%. Consideran, ademais, que teñen unha formación adecuada para desempeñar o traballo asignado (4,3 sobre 5). Como no caso do PDI, as enquisas de satisfacción sobre as actividades de formación non está desagregada por centros; para o conxunto da universidade cunha taxa de participación do 56%, acadou, en 2018, un 7,8 sobre 10⁴⁸.

⁴⁷ Documento 5064_I6-I7_2018-2019

⁴⁸ Indicador IN49 en documento 2500462_P.Ind__2018_19; documentos 5064_INF.11_2018-2019

2.5. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.

Estándar: O centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencial e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

A Facultade de Psicoloxía conta cunhas **infraestruturas e uns recursos materiais** adecuados e suficientes para atender ás titulacións que ten adscritas. Considéranse a este respecto tanto os [espazos físicos](#) (aulas, laboratorios e seminarios docentes, salas de lectura) coa súa dotación (equipamento, conectividade) que se pode ver na ficha de cada espazo. A eles hai que sumar os recursos documentais (biblioteca) e informáticos (campus virtual) que se comentan máis adiante.

O proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do Manual de Procedementos do SGC recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atenderlas planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles. No curso 2018-19 atendeuse a varias accións programadas no plan de melloras para ese curso, vinculadas aos obxectivos de calidade OC-15, OC-16 e OC-17, que foron executadas satisfactoriamente: dotación de equipamento a un laboratorio (AM_C-15), instalación de tomas de corrente (AM_C-17), reforzamento da potencia de cobertura da rede sen fíos (AM_C-18), e adecuación dun espazo para estudantes (AM_C-16).

Da identificación de necesidades por parte do equipo decanal, así como das demandas formuladas polos grupos de interese durante o curso 2018-19, xorden novas accións de mellora a planificar para 2019-20, no marco duns obxectivos de calidade que teñen carácter continuado no tempo, como son os relativos a manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia en xeral e para as prácticas en particular, dispoñer de infraestrutura de conexión suficiente para o uso das TIC na docencia e dispoñer de espazos que atendan ás necesidades do estudantado:

OC-9. Dispoñer de infraestrutura de conexión suficiente para o uso das TIC na docencia

AM_C_9. Executar a terceira fase da dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes.

AM_C-10. Completar o reforzamento da cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso que se está a producir.

OC-10. Manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia

AM_C-11. Continuar coa renovación progresiva, segundo necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia.

OC-11. Dispoñer de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudiantado

AM_C-12. Colocación de taquillas para o alumnado nas zonas de aulas.

Sinalar que, ademais da adecuación para a función formativa, a Facultade debe tamén considerar a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, o Centro ten actualizado permanentemente o seu [Plan de autoprotección](#), e pasa cada tres/catro anos unha revisión específica do [Servizo de prevención de riscos laborais](#) para a identificación de posibles fontes de risco; de acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas.

Rematar indicando que os resultados das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese corroboran a adecuación dos espazos docentes da Facultade. En concreto, a valoración do PDI é 4,14, a do alumnado de 2,95 e das/os egresadas/os do 3,18 sobre 5 puntos. Aínda que nestes dous últimos colectivos o grao de participación non supera o 8%, as puntuacións obtidas son superiores á media xeral da USC⁴⁹. Máis aló das enquisas, o estudiantado traslada a súa percepción de necesidades neste ámbito a través das reunións cos delegados e representantes de estudantes, ou directamente no Decanato da Facultade; cando procede, as súas propostas se integran na planificación anual de gasto.

No relativo ás normativas de **acesibilidade universal**, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Non obstante, aínda hai campo de mellora na adecuación das instalacións de modo que, alén da accesibilidade, faciliten a plena integración nas dinámicas de ensino-aprendizaxe. Así, considérase necesario retomar, no marco do plan de melloras para o curso 2019-20, a instalación de postos accesibles nas primeiras filas das aulas, completando, ben neste ano ou ben en varios exercicios, dependendo do custe, a adecuación das aulas que aínda non os teñen (neste momento está garantido que existen eses postos nunha aula por curso, pero o obxectivo é que os haxa en todas as aulas).

OC-11. Dispoñer de espazos que atendan ás necesidades do estudiantado

AM_C-13. Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas (2ª fase).

No relativo aos servizos, o **Campus Virtual e a Biblioteca** son, sen dúbida, os servizos xerais de apoio á docencia máis relevantes para o desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Psicoloxía.

⁴⁹ Datos correspondentes ao Grao en Psicoloxía, titulación que conta co maior número de membros neses tres colectivos; documentos 2500462_INF.23_2018-2019, 2500462_INF.22_2018-2019, 2500462_INF.09_2018-2019

O **Campus Virtual** é un recurso proporcionado polo [Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe](#) da USC, utilizado na inmensa maioría das materias, e ofrece actividades formativas, no marco do Plan de Formación e Innovación Docente, orientadas a obter o maior rendemento desta ferramenta en tarefas de avaliación, comunicación interactiva e información ao estudiantado. En xeral, este servizo é valorado positivamente: os estudantes do Grao outórganlle unha valoración de 3,9 sobre 5 (se ben nunha enquisa cunha taxa de participación moi baixa, do 5,62%); nos de máster sinalar o 4,17 do MUPXS. O profesorado de todas as titulacións valóralo con medias superiores a 4 sobre 5. Os egresados/as (neste caso nunha pregunta que engloba todos os recursos tecnolóxicos, non só o Campus Virtual) tamén asignan puntuacións de entre 3,3 e 4,6, dependendo da titulación⁵⁰.

En canto á **biblioteca universitaria**, a súa sección vinculada á Facultade, a [Biblioteca Intercentros de Psicoloxía e CC. da Educación](#) conta cunha excelente dotación de fondos documentais, todos eles en acceso directo. O persoal da Biblioteca ocúpase anualmente, antes do inicio do curso, de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións do Centro. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias e, parcialmente tamén, desde fóra da USC mediante servizos de autenticación de usuarios. Por último, sinalar que dispón de zonas habilitadas para o traballo en grupos, autoservizo de impresión e despacho de reprografía.

A satisfacción co servizo de biblioteca valórase nas enquisas que se aplican aos egresados; aínda que se trata dunha enquisa con taxas moi reducidas de participación, aqueles que as cumprimentan valoran a biblioteca, polo xeral, no entorno dos 4 ou máis puntos sobre 5⁵¹.

En canto aos **servizos de orientación e acollida**, deixando de lado as accións que se realizan no marco de cada titulación, descritos no apdo. 2.3 desta memoria, nos **servizos xerais da USC**, hai que sinalar o [programa 'A Ponte'](#) para a orientación a futuros estudantes para o acceso ao Grao, que no marco da Facultade se concreta na realización de charlas por profesorado da Facultade en centros de Ensino Medio e na Xornada de Portas Abertas (accións ás que tamén se fixo referencia en 2.3.1). Está tamén o [Servizo de participación e integración universitaria \(SEPIU\)](#), que identifica e alerta das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a [Área de orientación laboral e emprego](#), que realiza actividades e provee información dirixida aos estudantes no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o [Servizo de axudas e servizos ao alumnado](#), responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. A [Oficina de información universitaria \(OIU\)](#) orienta aos estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e os dirixe a uns ou outros en función das necesidades; a satisfacción cos servizos prestados pola OIU valórase na enquisa institucional aos egresados, e obtivo, en 2018-19, unha valoración, dependendo da titulación, entre 2,5 e 3,2 (media da USC, 3,2) sobre 5.

No relativo aos **servizos de xestión académica**, a USC conta cun servizo centralizado así denominado, o [Servizo de xestión académica](#), para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC; así, é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos, etc. Trátase duns servizos dispoñibles telematicamente, a través da Secretaría Virtual do Alumno, o que permite realizar calquera trámite as vinte catro horas do día desde calquera lugar. Este servizo foi valorado polos egresados das titulacións da Facultade de

⁵⁰ Documentos 2500462_INF.22_2018-2019, 4314481_INF.22-2018-2019, 2500462_INF.23_2018-2019, 4314481_INF.23_2018-2019, 4314476_INF.23_2018-2019, 2500462_INF.09_2018-2019, 4314481_INF.09_2018-2019 e 4314476_INF.09_2018-2019,

⁵¹ Documentos 2500462_INF.09_2018-2019, 4314481_INF.09_2018-2019 e 4314476_INF.09_2018-2019, correspondentes ás enquisas aos egresados, citadas en varios lugares máis adiante.

Psicoloxía con puntuacións entre 2,5 e 3,3 (media da USC 3,3), e os procesos que xestiona foron obxecto de 3 reclamacións/recursos por estudantes da Facultade (un en relación cun trámite de anulación de matrícula, outro relativo a validación de estudos estranxeiros e un terceiro, o único desestimado, en relación co límite de convocatorias); dado o número de estudantes matriculados e a cantidade de trámites que se xestionan nese servizo, considérase un nivel de incidencias moi pequeno. Por último, indicar dous elementos que complementan estes servizos. Por unha banda, no ámbito específico da Facultade, a **Unidade de xestión do Centro** atende a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto máis próximo aos estudantes. Por outra, os **servizos de administración electrónica da USC**, que facilita a relación administrativa coa institución por vía exclusivamente telemática ao estudantado e calquera outro grupo de interese (taboleiro-e, ferramenta de sinatura-e, rexistro-e, servizo de notificacións e consulta de expedientes administrativos-e, etc.).

Para finalizar, considérase tamén como parte dos recursos materiais e servizos as **instalacións que se realizan prácticas externas**. En 2018-19 a Facultade de Psicoloxía contaba con 282 convenios preexistentes, aos que se sumaron 24 máis asinados ese ano. Estes convenios permiten dispoñer dun número de prazas suficientes para garantir a supervisión profesional individualizada de cada estudante e nunhas condicións axeitadas. En total, colaboran coa Facultade un total de 361 centros que ofertan unha media aproximada anual de 235 prazas de Prácticum para o alumnado de Grao e 80 prazas para o alumnado dos másteres, e que abranguen todas as áreas de intervención e exercicio profesional da Psicoloxía. Durante o curso 2018-19, realizaron as súas prácticas externas nestes centros un total de 130 estudantes do Grao, 60 estudantes do MUPXS e 16 estudantes do MUEALCP. O nivel de satisfacción coas prácticas externas mantense polo xeral elevado (4,5 sobre 5 nos estudantes de Grao, cun 92% de participación, na enquisa propia da CT, 4 e 4,6, respectivamente para Prácticum I e II nos do MUPXS, con participación no entorno do 80-85%). Tamén son elevadas as puntuacións que asignan os titores profesionais (4,2 no Grao, 3,8 no MUPXS) e os titores académicos (4,5 no Grao, 4 no MUPXS)⁵².

⁵² Indicadores IN.GPS.04 en documento 2500462_Panel_indicadores_Grao_Ps_propios; IN.MPXS.02a e IN.MPXS.02b en documento 4314481_Panel_indicadores_MUPXS_propios; IN20 e IN21 en documentos 2500462_P.Ind__2018_19 e 4314481_P.Ind__2018_19

2.6. Directriz 6. Información pública.

Estándar: O centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia e utilidade da información pública.

A xestión da información pública da Facultade de Psicoloxía desenvólvese conforme ao exposto no proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do seu SGC, como garantía de que toda a información relevante das titulacións que nela se imparte faise pública, revísase periodicamente e actualízase co fin de manter informados aos grupos de interese.

A canle principal para facer pública esta información é a web institucional, que se organiza en varios niveis axustados ás necesidades dos diferentes grupos de interese. Nela está dispoñible toda a información que se relaciona na [Táboa de Información mínima a publicar](#), anexa ao manual do SGC que se revisa, e de ser o caso se actualiza, anualmente⁵³.

A información máis xeral, para diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible desde a páxina principal da Universidade. É de destacar que en 2018-19 a USC iniciou os traballos para a modernización e mellora da súa páxina web, precisamente co obxectivo de facela máis atractiva e útil a este perfil de grupos de interese, que ten nese medio a súa forma esencial de recadar información da USC. Aínda que nese curso o tipo de información, o modo de presentala e a vía para chegar a ela era a que xa se consignou na Memoria de Calidade de 2017-18, estaba xa en transición cara á que se pode visualizar no momento de elaborar a presente Memoria.

A nivel da Facultade, mantense o contido informativo máis enfocado aos grupos de interese internos á organización (estudantes, profesorado e PAS, cun punto específico tamén para titores de Prácticum), que son o que acoden prioritariamente ao sitio web do Centro. Neste nivel preténdese atender ás necesidades do alumnado no día a día ao longo dos seus estudos, no que denominamos “guía académica” dos títulos. A elas accédese desde a pestana “Información académica” e nelas facilítase toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticum e TFG, mobilidade, programas das materias, plan de acción tutorial). Esta información actualízase antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que o estudantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula. Co obxectivo de manter unha trazabilidade, particularmente para os procesos de avaliación institucional, pódese tamén acceder á información dos cursos precedentes.

A información relativa ao Sistema de Calidade (política de Calidade, manuais do sistema, táboas de indicadores, Memorias de Calidade, Plans de Melloras) están publicados na web da Facultade, no sitio ‘Calidade’, e, complementariamente, para as cuestións que son xerais da Universidade (plan estratéxico da universidade, procesos institucionais, plan de auditorías, planificación anual das enquisas) na web da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

⁵³ A localización da información que figura nesa táboa pódese ver no documento, tamén publicado no sitio web de Calidade, '[Información mínima a publicar: localizacións](#)'.

(ACMP) da USC, principalmente nas seccións 'Sistemas de Garantía de Calidade' e 'Satisfacción dos grupos de interese'.

Por último, a información relativa aos acordos da CCC, e tamén das CT, publícase na web da Facultade, no sitio 'A Facultade - Órganos colexiados', nas ligazóns correspondentes a cada unha destas comisións.

3. Plan de Melloras Anual da Facultade de Psicoloxía, 2019-20.

No momento de elaborar esta memoria a actividade da USC (docente, investigadora, de xestión e laboral en xeral) está a desenvolverse telematicamente e en condicións restrinxidas debido ao estado de alarma e confinamento por causa da pandemia do COVID-19.

Por este motivo, é previsible que algunhas das accións do Plan de Melloras Anual, 2019-20 que se recollen neste documento teñan que ser adiadas ou reformuladas para o vindeiro curso.

3.1. Obxectivos de calidade e accións de mellora relacionadas.

No PMA que se detalla a seguir defínense 11 obxectivos de calidade e 13 accións de mellora relacionadas con eles.

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-1, Contar cun Plan Estratéxico que defina as prioridades da Facultade de Psicoloxía para o vindeiro período en liña co plan estratéxico da USC.			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
Procesos chave relacionados	PE-01, Planificación estratéxica		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-1. Elaborar o novo Plan Estratéxico da Facultade.		
Indicador/es de medición	Plan estratéxico aprobado	Meta a conseguir:	Dispoñer dun plan estratéxico actualizado

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
Análise causa	Finalización da vixencia do plan estratéxico 2010-2020.
Definición/ descrición proposta	Elaborar o novo Plan Estratéxico (PE) da Facultade.
Datas	Finalización: / Inicio: 01/09/2019
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Tarefa1	AM_C-1.1.
Descrición tarefa	Elaboración da proposta de PE pola CCC, aprobación pola Xunta de Facultade
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-2, Manter actualizado o SGC da Facultade.			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
Procesos chave relacionados	PE-02, Revisión e mellora		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-2. Revisar e, se é o caso axustar, o proceso PC-04 do SGC.		
Indicador/es de medición	Modificacións no SGC	Meta a conseguir:	Manter o SGC, a súa documentación e procesos, actualizados

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-2
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
